2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de



sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2026, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.



XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Ares para o financiamento da obra de construción de Sala de Usos Múltiples-ximnasio-vestiarios Lg a Seara .

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o convenio co **Concello de Ares**, correspondente á subvención nominativa, por importe de 150.000,00€, concedida para cofinanciar a construción da sala de Usos Múltiples-Ximnasio-Vestiarios do lugar da Seara, cun orzamento subvencionado de 257.808,30€, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Deportes, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 3



de decembro de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2026 autorice o correspondente Orzamento.

“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE SALA DE USOS MÚLTIPLES-XIMNASIO-VESTIARIOS NO LUGAR DA SEARA”

Na Coruña, a de de 202_

INTERVEÑEN

Dunha parte, a **Deputación Provincial da Coruña** con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente (ou deputado/a no que delegue), D. _____ (identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario xeral (ou quen legalmente lle substitúa), D. _____ (identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, doutra parte, o **Concello de Ares**, con NIF P1500400E representado polo seu Alcalde (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue) , D. _____, segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello, (en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA) (identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica).

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do Concello de 28 de febreiro de 2025, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos :

“Dada conta da carencia de recursos propios por parte de Concello de Ares e a necesidade de mellora unhas instalacións moi deficientes e obsoletas, clave para o desenrolo da actividade lúdica e deportiva dunha das nosas parroquias rurais, e co firme propósito de fomentar hábitos de vida saudable e promover o deporte entre a veciñanza, polo que faise preciso executar ditas obras dada a precariedade actual das instalacións, quedando suficientemente acreditado o interese publico de índole social e deportivo da intervención solicitada; intervención que polas súas características xustifica a excepcionalidade de acudir a un procedemento de subvención extraordinario, no fomento dos intereses peculiares da provincia, non encadrándose en ningunha das liñas de

**RPT-6654235



subvención por concorrencia nas que puidera terse optado para solicitar financiamento para executar dita iniciativa e contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto.”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Deportes que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o Concello de Ares e a Deputación provincial da Coruña teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente **CONVENIO DE COOPERACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares, NIF P1500400E para o financiamento da obra denominada “Construción de Sala de Usos Múltiples-ximnasio-vestiarios”, tal como aparece definida no proxecto redactado por Don Nicolás Castelo Pérez, con data 12 de xuño de 2025.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a ENTIDADE BENEFICIARIA comprométese a destinala ao servizo

**RPT-6654235



público de titularidade municipal para o que se vai adscribir o local a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Presuposto de execución material:	179.045,97 €
Gastos Xerais (13,00%):	23.275,98 €
Beneficio Industrial (6,00%):	10.742,76 €
IVE (21,00%):	44.743,59 €
Presuposto de contrata:	257.808,30 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 150.000,00€ o que representa unha porcentaxe de 58,18277%, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da contrata, está financiada pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recibido completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación do coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produciran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recibido.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis adicionais de calidade das obras. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación 0612/3420/76201 do orzamento provincial para o ano 2025, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de

**RPT-6654235



crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ENTIDADE BENEFICIARIA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento a este apartado.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente.

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicio Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente, (Cláusulas III.3 e XIV.3).

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.



3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación da implantación, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- Acta de recepción da obra. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.



- Presentación de fotografías, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do cumprimento das obrigas de difusión previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4. Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tanto, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. No caso de resolución de contrato por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista. A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa, ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS, COA SEGURIDADE SOCIAL E COA DEPUTACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación.

2. A tal efecto, a ENTIDADE BENEFICIARIA presentará as certificacións das

**RPT-6654235



administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificados, no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.



2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.



XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do Concello de Ares, ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.
2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 30 de outubro de 2026, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. O dito prazo será improrrogable, salvo que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3. A estes efectos, a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase por Resolución da Presidencia, polo prazo imprescindible para a finalización das obras.

O dito prazo será máximo e, polo tanto, non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, implicará que o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en



función do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4).

6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo o o Secretario xeral (ou quen legalmente lle substitúa)."

6.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2025 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **30.000,00 €**, ao Concello de Carballo para cofinanciar o *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2025*, cun orzamento subvencionado de 256.904,37 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2026, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas ano 2025*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Carballo.

EXPOÑEN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade de Condutas Aditivas, conforme co previsto no art. 25 da Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, e competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de Bases de Réxime Local art. 36, de conformidade coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carballo, con NIF: P1501900C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2025*.



II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Carballo.

O Concello de Carballo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1.- Gastos de persoal	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	157.196,67
1.2. Seguridade Social	44.207,70
1.3. Gastos de formación do persoal	1.000,00
1.4. Gastos de viaxe	500,00
2.- Produtos farmacéuticos e sanitarios	
2.1. Produtos farmacéuticos	2.000,00
2.2. Material sanitario de consumo	8.000,00
3.- Outros aprovisionamentos	
3.1. Combustibles	1.000,00
3.2. Material de limpeza e aseo	1.500,00
3.3. Material de oficina diverso	1.000,00
4.- Servizos exteriores	
4.1. Servizos de profesionais independentes	35.500,00
4.2. Limpeza	4.500,00
5.- Prensa, revistas, libros	500,00
TOTAL DO GASTO	256.904,37

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 11,67750 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 11,67750 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación

**RPT-6654235



orxamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Carballo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Carballo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Carballo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Concello de Carballo, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Carballo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2024.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2025**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación,



segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificativos, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.



A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Carballo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Carballo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na



Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA “REFORMA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA ANTIGA LONXA DE CAMARIÑAS E SALA DE EXPOSICIÓN “BETI DONOSTI”

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF , representada polo seu Presidente, D. _____(ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____(ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Camariñas** con CIF P1501600I representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____(ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,



ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Camariñas** no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“... Declarar o interese público provincial no financiamento da citada obra, xa que de acordo co artigo 36 da LBRL é competencia da Deputación a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, atopándose o Concello de Camariñas nesta situación de menor capacidade económica.

O proxecto supón a mellora dos accesos e entorno, a un dos principais recursos turísticos da provincia, os seus recursos patrimoniais, concretándose a presente reforma da antiga lonxa, que consiste nun edificio de gran interese histórico polo que representa para unha comarca que vive da pesca e do mar. Así como, polo destino que se lle pretende outorgar no futuro, un Museo sobre os Naufraxios da Costa Morte, que marcaron o desenvolvemento da Comarca e deixaron unha importante historia para a provincia.

Estamos ante unha infraestrutura cultural cuxa potenciación favorecerá o desenvolvemento económico dos Concellos colindantes, xa que dará a coñecer a totalidade da Costa da Mortes, a través da historia dos seus naufraxios ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas



ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Camariñas** con CIF **P1501600I**, para o financiamento da obra denominada **obras de “reforma da envolvente exterior da antiga lonxa de Camariñas e sala de exposición “Betí Donosti”** tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don Jorge Roura Traseira, en setembro 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	298.631,85 euros
Gastos xerais 13,00%	33.822,14 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	17.917,91 euros
IVE (21%)	74.628,10 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	430.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **330.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **76.74419 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía



restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación 0112/3339/76201 do orzamento provincial para o ano 2025, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.



3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola



Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
 - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.
2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
 - Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
 - **Acta de recepción da obra.** A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
 - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
 - Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.
 - Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens do ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.



4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.



2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.
4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.
5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a **ENTIDADE BENEFICIARIA**, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de



- Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.
 3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Camariñas** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.
2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **30/10/2026**, o que representa un período de vixencia de 10 meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa



aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.
3. A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)
6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.



De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)."

14.- Aprobación do texto e da formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Dirección Xeral da Garda Civil polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación no acuartelamento da Garda Civil de Betanzos.

INTERVENCIONS

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, diputadas y diputados.

Bueno, en primer lugar, nosotros anunciamos nuestro voto favorable a este punto, pero queremos hacer un par de comentarios al respecto de esta cuestión. Primero, es que hace unos meses trajimos una moción a este pleno en la que pedíamos mayores medios materiales y humanos para la Guardia Civil en el conjunto del territorio de la provincia. Esa moción fue votada en contra por ustedes, ahora, pasados unos meses, si bien no cambia la votación de aquella moción, por la vía del hecho están reconociendo que nosotros teníamos razón en la presentación de aquella iniciativa. El caso de Betanzos es uno más de los muchos que hay en la provincia, de unos cuarteles en un estado en muy malas condiciones y de un servicio esencial, que es la Guardia Civil, o así lo entendemos nosotros, que está prestando un servicio –repito– esencial en unas condiciones a veces precarias.

Dicho esto, tenemos también que reconocer que, si bien es necesaria esta iniciativa, no debería ser la Diputación quien hiciera esta aportación al cuartel de la Guardia Civil de Betanzos, tendría que ser el Ministerio del Interior. Y ahí debemos incidir todos, de ahí viene lo que le estoy comentando a la moción que presentamos, en que teníamos que ser impulsores y peticionarios al Ministerio del Interior que cumpla con las



prerrogativas que tiene y con las obligaciones que tiene, y dar unas condiciones mínimas, mínimamente adecuadas –repito– a la Guardia Civil, que creo que redundaría en beneficio de todos nosotros.

Nosotros vamos a votar a favor de esta moción, pero ya le anuncio que empezaremos conversaciones con todos los alcaldes y portavoces de la provincia para detectar el estado en que están los cuarteles de la Guardia Civil en la provincia de La Coruña y, de la misma manera que se ha hecho una excepción en este caso y asumimos una competencia impropia, como otras muchas que se vienen asumiendo, traeremos diversas iniciativas para cumplir igual en Betanzos que en otros sitios que tengan esta necesidad. Y espero que usted, señor presidente, y el conjunto de la Corporación Provincial tengan la misma sensibilidad en todo el territorio. Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, bo día a todos e a todas. En primeiro lugar, sobre a moción, ben, vostede, loxicamente, quere utilizala como argumento, pero é unha moción na que se falaba de trescentas mil cousas que non son competencia desta Deputación, como o incremento de efectivos, etc., etc.

A situación dos cuarteis da Garda Civil é verdade que non é boa, pero non é boa non deste mandato, nin do anterior, non é boa non de hai moitos anos, incluso cando o seu partido gobernaba este país, e tampouco investía nos cuarteis da Garda Civil. Pero, en todo caso, isto que estamos facendo hoxe aquí, que imos aprobar, e que vostede entende que non debería de sufragar a Deputación, posto que non ten competencias na materia e debería facelo outra administración, o que non entendo é como non llo dixo vostede ao seu xefe, ao señor Diego Calvo, cando asinou un convenio como este no ano 2013 nesta Deputación, que é este que teño aquí. Está asinado polo señor Diego Calvo e polo señor Arsenio Fernández de Mesa, que era naquel momento director xeral da Garda Civil. E voulle ler o que di, eh, para que vexa vostede que non estamos tampouco innovando hoxe aquí: “El objeto del presente acuerdo es establecer el régimen de colaboración entre la Diputación Provincial da Coruña y la Dirección General de la Guardia Civil para promover la modernización de las instalaciones oficiales con el objeto de ofrecer un servicio de calidad a los ciudadanos, así como mejorar las condiciones de vida y de prestación de servicio por parte del personal del referido cuerpo, mediante aportaciones económicas destinadas a la realización de obras y de reparación y conservación de casas-cuartel.”

Entre os puntos que se inclúen está “proponer a la Diputación la programación de las actuaciones y obras a realizar, a la vista de las necesidades priorizadas de obras en casas-cuartel propuestas por la Comandancia de la Guardia Civil de A Coruña y conocida la cuantía económica de la ayuda. Supervisión y control de los justificantes de todos los gastos que se originen como consecuencia de las obras programadas, coordinar los trabajos para la consecución óptima del fin que se persigue y cualesquiera otra que pudieran surgir encaminadas al buen funcionamiento del desarrollo del programa”.

Isto está asinado no ano 2013 polo señor Diego Calvo, presidente desta Deputación naquel momento, e polo señor Fernández de Mesa, como dixen, director xeral da Garda Civil tamén naquela época; e con este convenio fíxose unha obra de reforma e mellora da casa-cuartel de Ferrol, naquel momento gobernado, se mal non



recordo, non sei se estaba o señor Rey Varela ou se estaba Jorge Suárez, penso que o señor Rey Varela, tamén do Partido Popular. Polo tanto, parece que os seus argumentos só valen dependendo de quen governe esta institución e quen governe no Goberno do Estado, porque un convenio exactamente igual asinado por vostedes, cun Goberno de España do Partido Popular e unha Deputación presidida polo Partido Popular resulta que agora non vale, cando o goberno de España está gobernado polo Partido Socialista e esta Deputación polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, esa é fortaleza dos seus argumentos, algo ao que xa nos teñen acostumados neste tema e noutros moitos. A contradición como bandeira sempre por parte do Grupo Popular.

Nada máis que engadir. Entendo que vostedes, por coherencia, se naquel momento votaron a favor, farán o mesmo agora. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Voy a volver a empezar porque a lo mejor estaba usted despistado ya, cogiendo el argumento de lo que iba a decir. O sea, tenía puesta usted la venda antes de la herida. Lo primero que dije fue «vamos a votar a favor de este punto».

Y es más, incido en lo afirmado por el señor Calvo, Presidente de la Diputación, con el señor Fernando de Mesa, Director general de la Guardia Civil. Habla de las casas cuartel de la provincia de La Coruña. Y yo lo único que he dicho es “vamos a votar a favor de este punto y espero que ustedes, cuando traigamos iniciativas de otros cuarteles exactamente iguales del de Betanzos, por coherencia, que nosotros cumplimos a raíz de ese convenio del que usted habla y ustedes se suman ahora, tarde, pero se suman, que cumplan también, porque en esta casa estamos asumiendo competencias impropias dabondo y a lo mejor en este caso estamos más de acuerdo todos en que las asumamos. Eso sí, sin olvidarnos de cumplir con las competencias que nos confiere la ley como Diputación, que a veces nos olvidamos y estamos más a estampitas que a pan, y aquí primero hay que tener para pan y después para estampitas. Pero en este caso, repito, vamos a votar a favor de esta iniciativa y espero que ustedes, cuando traigamos iniciativas similares, por coherencia, voten a favor de las mismas.

Nada más y espero que le haya quedado claro ahora. Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Se me quedou perfectamente claro, pero en todo o caso, falando de coherencia e de competencias impropias, non creo que sexa vostede o máis indicado, tendo en conta que, falando tamén de mocións e propostas aprobadas neste Pleno, todas as que trouxemos para reclamarlle á Xunta de Galicia que asuma as competencias impropias que nos carga aos concellos, ou que nos dote de recursos para poder asumilas, vostedes, o seu grupo, todos os que están aí sentados, votaron en contra. Por tanto, unha vez máis, volven dar vostedes unha clase maxistral de, ben, neste caso, de certa contradición entre o que din e o que fan, e sempre co mesmo *modus operandi* e cun piar básico, que é nunca reclamarlle nada a ningunha Administración que estea gobernada polo PP, incluso cando os seus propios alcaldes e alcaldesas padecen tamén eses gastos derivados desas competencias impropias que a Xunta de Galicia, cunha total desvergoña, nos carga aos concellos sen darnos os recursos necesarios para poder asumilas. A ver se algunha das veces que traíamos unha moción, e xa non sei cantas levamos sobre ese tema, temos a sorte de que poidan vostedes votar a favor. Non son



moi optimista. Penso que teño máis probabilidades de que me toque hoxe o gordo que de velos a vostedes votando, seguramente, unha moción desas características. Pero, repito, entendino perfectamente na primeira intervención, dixo vostede que a Deputación non estaba para arranxar casas-cuartel, e eu o que lle recordo é que os primeiros en facelo foron vostedes co señor Diego Calvo. Igual é bo que revise despois vostede, como se grava na mediateca este Pleno, o que dixo, porque pode ser que se emocionara no momento e o dixerá sen pensar. Pero o que dixo foi tal cal.

Así que, nada máis, agradecendo o voto favorable do seu grupo a este punto, froito desa, pois entendo que preocupación que teñen vostedes pola situación dos cuarteis, espero que a mesma que acaba de amosar por as competencias impropias, a amose cando os demais traíamos tamén aquí mocións nese eido solicitando a todas as administracións, xa non só da Xunta de Galicia, que asuman as súas e non nolas carguen aos demais. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a **Dirección Xeral da Garda Civil polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as **obras de rehabilitación no acuartelamento da Garda Civil de Betanzos**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Dirección Xeral da Garda Civil polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación no acuartelamento da Garda Civil de Betanzos cunha achega provincial de 325.635,95 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1321/650 o que representa un coeficiente de financiamento do 100,00 % respecto dun orzamento de 325.635,95 euros.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.



ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A DIRECCIÓN XERAL DA GARDA CIVIL PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA REHABILITACIÓN NO ACUARTELAMENTO DA GARDA CIVIL DE BETANZOS.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF , representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de signatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de signatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, a Dirección Xeral da Garda Civil, con CIF S2816003D , representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo da **Dirección Xeral da Garda Civil**, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“... Algunos acuartelamientos de la Guardia Civil en esta provincia requieren actuaciones de mejora, en especial en espacios destinados a la atención de los ciudadanos, con el fin de que presenten un aspecto agradable que genere, además, una sensación de proximidad y modernidad que haga que el trato con el ciudadano resulte más acogedor y relajado para el mismo, mejorando, al mismo tiempo, las condiciones de trabajo del personal propio.”



La cantidad a las que asciende esta obra, sobrepasa la disponibilidad presupuestaria de que dispone la Comandancia de la Guardia Civil de A Coruña a estos fines, así como la capacidad de gestión de créditos otorgada a quien suscribe.

...

En este sentido, citar el acuartelamiento del Puesto de la Guardia Civil de Betanzos, presenta graves problemas de humedades y filtraciones de agua en varias de sus dependencias debido, por un lado, al mal estado del tejado en toda su extensión y, por otro, a deficiencias constructivas en los sótanos del edificio. El cierre perimetral del acuartelamiento se encuentra en mal estado y conviene también mejorar la accesibilidad al recinto, en especial para personas con movilidad reducida

...

La modernización de las instalaciones oficiales de la Guardia Civil de Betanzos permitirá ofrecer a los ciudadanos que las utilicen una atención directa, personalizada y de proximidad en unas dependencias que les resulten dignas, acogedoras y eficientes que redundan en la prestación de un servicio de mayor calidad en su beneficio, mejorando además las condiciones de vida y trabajo del personal de dicho Cuerpo. Todo ello contribuye a garantizar el libre ejercicio de los derechos de los ciudadanos y su seguridad, prestándoles un servicio de interés público de primer orden, al que se añade también el interés social y económico que se deriva de la permanencia de las instalaciones policiales de la Guardia Civil en los pueblos de la provincia, contribuyendo a la fijación de población y a la lucha contra la España vaciada.

El acuartelamiento del Puesto de la Guardia Civil de Betanzos, que presta servicio a 13 Ayuntamientos en un ámbito territorial de 677,27 Km², atendiendo a una población que ronda los 68.000 habitantes..."

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA, de conformidade coa **Ley Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de Seguridade Cidadá** ten por obxeto:

“...Artículo 1. Objeto.

- 1. La seguridad ciudadana es un requisito indispensable para el pleno ejercicio de los derechos fundamentales y las libertades públicas, y su salvaguarda, como bien jurídico de carácter colectivo, es función del Estado, con sujeción a la Constitución y a las Leyes.*
- 2. Esta Ley tiene por objeto la regulación de un conjunto plural y diversificado de actuaciones de distinta naturaleza orientadas a la tutela de la seguridad ciudadana, mediante la protección de personas y bienes y el mantenimiento de la tranquilidad de los ciudadanos.*

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei



5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e a **Dirección Xeral da Garda Civil** con CIF S2816003D, para o financiamento da obra denominada “**rehabilitación no acuartelamento da Garda Civil de Betanzos**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Naos Arquitectura, en febreiro de 2023.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II. CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A Deputación Provincial, unha vez obtidas todas as autorizacións e licenzas precisas e aprobado polo órgano competente e formalizado o presente convenio, contratará, mediante procedemento aberto e con arranxo aos seus pregos tipo, a execución das obras incluídas no proxecto, á fin de que a súa execución se realice de maneira coordinada e así optimizar custos, simplificar a súa execución e reducir tempos de execución.

Correspóndelle obter as correspondentes autorizacións e licenzas e os posibles custes de taxas e/ou impostos á Deputación Provincial.



III.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	217.931,92 euros
Gastos xerais 13,00%	28.331,15 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	13.075,92 euros
IVE (21%)	54.461,19 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	313.800,17 euros

Orzamento de control de calidade	2.179,32 €
----------------------------------	-------------------

Orzamento de coordinación de seguridade e saúde	1.089,66 €
---	-------------------

Orzamento de dirección de obra	8.566,80 €
--------------------------------	-------------------

O total dos orzamentos suman **325.635,95 euros (IVE incluído)**

IV.- DIRECCIÓN DAS OBRAS. CONTROL DE CALIDADE. COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

1. A **dirección das obras** realizarase por persoal externo aos servizos técnicos da Deputación asumindo os gastos que diso se deriven.

As obras recollidas no proxecto de referencia non teñen carácter de “obras de edificación” a efectos de aplicación da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, polo que a dirección de obra pode estar composta por un único técnico coa titulación de arquitecto ou arquitecto técnico.

Tomando como referencia as tarifas aplicadas aos servizos prestados pola Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, S.A. (SEGIPSA), considérase adecuado establecer os honorarios da dirección da obra en 7.080,00 € mais o IVE correspondente (3,25% do orzamento de execución material do proxecto.)

Orzamento de dirección de obra	8.566,80 €
--------------------------------	-------------------

2. A Deputación levará a cabo o **control de calidade** mediante medios externos. O importe estimado correspondente ao control de calidade será do 1% do orzamento de execución material, xa que se considera adecuado en relación aos ensaios previstos no Plan do control e calidade do proxecto e aos prezos do contrato de servizos asinados entre esta Deputación e a empresa CYE Control y Estudios S.L., polo que ascendería a 2.179,32 € IVE incluído.



Orzamento de control de calidade	2.179,32 €
----------------------------------	-------------------

3. A Deputación poderá levar a cabo, mediante servizos externos, a **coordinación de seguridade e saúde**.

Tendo en conta que Betanzos está na zona B, a porcentaxe sobre o PEM ofertado pola empresa adxudicataria do contrato de servizos de asistencia para a coordinación da seguridade e saúde das obras que contrate a Deputación na zona B, Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A.U., é do 0,50%, polo que o importe deste servizo ascendería a **1.089,66 €** (0,50% de 217.931,92 €) IVE incluído.

Orzamento de coordinación de seguridade e saúde	1.089,66 €
---	-------------------

V.- MODIFICACIÓNS NO PROXECTO DE OBRA

1. No caso de que durante a execución das obras de referencia sexa necesario modificar o proxecto, este requirirá a aprobación da Deputación Provincial da Coruña.
2. Calquera incremento derivado de modificacións relativas ás obras deberá ser valorado no seu momento e acreditar previamente a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 0112/1321/650.

VI.- FINANCIAMENTO

1. A Deputación da Coruña sufragará as obras tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **313.800,17 euros**, o **100,00 %** do seu custe, con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1321/650**.
2. A Deputación da Coruña sufragará os custes da coordinación de seguridade e saúde, os custes do control de calidade e os custes da dirección de obras, que ascenden a **11.835,78 euros** se imputarán á aplicación **0112/1321/650**.
3. Calquera incremento derivado das modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado pola Deputación.

VII.- PAGO

1. A Deputación aboará á contratista adxudicataria da obra, o prezo do contrato a medida que se vaian expedindo e aprobando as correspondentes certificacións de obras, acompañadas das respectivas facturas, conforme ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación das obras mediante procedemento aberto da Deputación.

Igualmente, a Deputación aboará aos adxudicatarios dos contratos de coordinación de seguridade e saúde, control de calidade e dirección de obra, no seu caso, os prezos dos ditos servizos na forma establecida nos correspondentes expedientes de contratación.



VIII. POSTA A DISPOSICIÓN DO INMOBLE

A Garda Civil de Betanzos pon a disposición da Deputación o inmoble a fin de que poidan executarse as obras incluídas no proxecto de reforma.

IX.- ACTA DE RECEPCIÓN

1. Notificarase á Dirección Xeral da Garda Civil, coa debida antelación, a data de formalización do acta de recepción das obras, para que asista, se o considera conveniente, un técnico designado pola Dirección Xeral.

X.- ACTA DE ENTREGA

1. A Deputación Provincial, unha vez formalizada a acta de recepción da obra, entregará á Dirección Xeral da Garda Civil as citadas obras para a súa adscrición aos servizos correspondentes, a cuxos efectos **formalizarse a correspondente acta de entrega**. A partir de dita entrega a Dirección Xeral da Garda Civil farase cargo dos gastos de conservación e mantemento das citadas obras e instalacións.

2. A Garda Civil comprométese a que o inmoble sobre o que se realizarán as obras quedará afecto á finalidade pública actual para a que se concede a subvención, por un prazo mínimo de 10 anos.

XI.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Poderase constituír unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros por cada unha das Administracións públicas asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos Presidente e titular da Dirección, ao obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA

1. O presente Convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a finalización das obras e a formalización da acta de entrega da obra á Dirección Xeral da Garda Civil, e en todo caso, **ata o 31 de outubro de 2027**.

2. Non obstante, dito prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

3. Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre a Deputación Provincial da Coruña e a Dirección Xeral da Garda Civil e tramitarse a través dunha addenda ao convenio.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral *(ou quen legalmente lle substitúa)*."

15.- Aprobar a prórroga extraordinaria da Fase 2 dos contratos baseados no acordo marco para a implantación dunha solución informática para a xestión das taxas e



prezos públicos dos entes locais da provincia da Coruña, código expediente PCO.001.2019.00090, consistente nos servizos de mantemento e soporte, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º) Aprobar a prórroga extraordinaria da Fase 2 dos contratos baseados no acordo marco para a implantación dunha solución informática para a xestión das taxas e prezos públicos dos entes locais da provincia da Coruña, código expediente PCO.001.2019.00090, consistente nos servizos de mantemento e soporte, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A., con NIF A81957367 e domicilio na Avenida Deportista Miriam Blasco, 1 bis; 03016 Alicante, nas seguintes condicións:

1.1. Prazo: Do 30 de decembro de 2025 ao 29 de setembro de 2026 (9 meses) ou ata que se proceda á formalización do novo contrato de mantemento que ten por obxecto o mantemento e soporte do sistema de información de xestión das taxas e prezos públicos dos entes locais da provincia da Coruña identificado co número PCO.001.2025.00899, se fose anterior ao 29 de setembro de 2026.

1.2. Orzamento:

Orzamento anual:

Fase	Descrición	Importe sen IVE	IVE	Prezo IVE incluído	Número EELL	Total IVE incluído
2	Mantemento anual	720,00	151,20	871,20	73	211.992,00
	Soporte anual	1.680,00	352,80	2.032,80		
	Total anual fase 2	2.400,00	504,00	2.904,00		

Tendo en conta que a prórroga se expón para 9 meses o importe proporcional resultante é de 158.994 euros.

1.3. Condicións: Segundo os pregos aprobados mediante Resolución de Presidencia número 2095 de data 24 de xaneiro de 2020 e a oferta presentada pola empresa.

1.4. Financiamento: O financiamento da prórroga do contrato pode realizarse con cargo á aplicación orzamentaria 0730/49122/22799.

O contrato queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas no exercicio correspondente (2026).”

**RPT-6654235



16.- Aprobación do texto e da formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cedeira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras "de ampliación e reforma da piscina municipal", Cedeira, cunha achega provincial de 300.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3420/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 50.95194 % respecto dun orzamento de 588.790,09 euros.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Cedeira polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras **"de ampliación e reforma da piscina municipal"**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Cedeira polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras **"de ampliación e reforma da piscina municipal"**, Cedeira cunha achega provincial de **300.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/3420/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **50.95194 %** respecto dun orzamento de **588.790,09 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA AMPLIACIÓN E REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL, CEDEIRA.



Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF , representada polo seu Presidente, D. _____ (ou deputado/a no que delegue), (No caso de signatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D. _____ (ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de signatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte, o **Concello de Cedeira** con CIF P1502200G, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____ (ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Cedeira** no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

“... O motivo deste investimento é que a edificación actual presenta deficiencias significativas na súa envolvente exterior e carece do illamento térmico capaz de dotar do confort necesario ás estancias en que se desenvolven as actividades e usos antes descritos. Por outra parte, as dimensións actuais do vaso da piscina son reducidas e non responden ás necesidades dos usuarios e usuarias da instalación, tanto para o seu uso como espazo para o lecer como para o posible uso como instalación de adestramento para os clubs deportivos da vila de Cedeira. ...”

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o _____

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES



A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Cedeira** con CIF P1502200G, para o financiamento da obra denominada “**de ampliación e reforma da piscina municipal**”, tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado por Don Iván Rivas Rico, en xullo 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.



O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	408.910,40 euros
Gastos xerais 13,00%	53.158,35 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	24.534,62 euros
IVE (21%)	102.186,71 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	588.790,08 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **300.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **50.95194 %**, que constitúe o “coeficiente de financiamento”. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos deivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación 0112/3420/76201 do orzamento provincial para o ano 2025, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.



5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible; polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información



pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.
- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.
- **Acta de recepción da obra**. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.
- Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e,



no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2.A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social. Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificandos, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,



segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3.Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1.Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Cedeira** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e



do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2.En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **30/10/2026**, o que representa un período de vixencia de 10 meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.O dito prazo será improrrogable, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3.A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**

O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4.En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5.No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá



remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegárase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6.No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadírase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa*)."

17.- Aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2025 por maior achega provincial

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación da segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2025 por maior achega provincial, no que se acreditan os



seguintes

I.- ANTECEDENTES

Visto o acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2025, adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 30 de maio de 2025 en relación co acordo plenario do 27 de xuño de 2025, polo que se aproba, ademais do Plan Base, un Plan Complementario coas obras e subministracións que teñen natureza de reserva para poder investir en cada concello os créditos procedentes das maiores achegas ao Plan que, de ser o caso, poida aprobar esta deputación

Visto que no expediente de modificación de créditos (EMC) 2/2025, aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 30 de maio de 2025, que entrou en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 121 do 27 de xuño de 2025, consignouse a cantidade de 30.000.000,00 € na partida 0430/4592/76201 para o financiamento da maior achega provincial ao POS+ Adicional 2/2025

Vista a primeira fase do POS+Adicional 2/2025, aprobada mediante a Resolución de Presidencia número 45129 do 26 de setembro de 2025, na que só se incluían investimentos financeiramente sostíbles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2025, cunha achega provincial total de 13.843.258,21 €, que foi desagregada nos programas correspondentes aos tipos de investimentos financeiramente sostíbles para facer un seguimento do superávit aplicado, mediante expediente de modificación de créditos (EMC) 3/2025, aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 24 de xullo de 2025.

Vistas as solicitudes presentadas polos 75 concellos que participan nesta segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 2/2025 por maior achega provincial, partindo das achegas provinciais pendentes que lles foron asignadas para o Plan de forma obxectiva, nas que solicitan financiamento para investimentos financeiramente sostíbles, e tendo en conta que 11 concellos non presentaron a súa solicitude nesta fase do Plan

Tendo en conta que mediante expediente de modificación de créditos EMC 5/2025, aprobado inicialmente polo pleno desta deputación na sesión realizada o 31 de outubro de 2025, que xa entrou en vigor coa publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 229 do 28 de novembro de 2025, desagregase a achega provincial que se aplica ao financiamento dos investimentos financeiramente sostíbles incluídos nesta segunda fase, partindo das solicitudes concretas dos concellos para o financiamento dos distintos obxectos do Plan

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+ 2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro de 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que posteriormente foron modificadas mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.



As Bases foron redactadas partindo do contido da Ordenanza reguladora dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña, aprobada polo pleno desta deputación na sesión realizada o 24 de novembro de 2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincial (BOP) número 227 do 28 de novembro de 2023, en relación co BOP número 53 do 14 de marzo de 2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2025 por maior achega provincial, destinada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, a súa maioría novos investimentos aínda que algúns deles xa estaba previsto no Plan Complementario ao POS+ 2025, cuxo resumo de datos de financiamento é o que deseguido se indica, e cuxo detalle por concello figura nos anexos I a III a este acordo:

POS+ ADICIONAL 2/ 2025 2ª FASE					
NÚMERO INVESTIMENTOS	DEPUTACIÓN	CONCELLOS			TOTAL
		Achega municipal	IVE deducible	Total concellos	
138	14.955.631,70	1.115.726,04	34.257,85	1.149.983,89	16.105.615,59

POS + ADICIONAL 2/2025		2º FASE
Seguridade orde público	132	18.000,00
Vías públicas	153	7.010.556,44
Rede sumidoiros	160	1.903.973,53
Abastecemento de auga potable	161	274.911,93
Xestión residuos	162	72.280,20
Alumeado público	165	89.757,09
Parques e xardíns	171	324.405,99
Medio Natural	172	32.137,69
Asistencia social	231	259.549,21
Centros docentes	323	41.135,60
Equipamentos culturais	333	397.005,17
Patrimonio histórico-artístico	336	31.357,01
Instalacións deportivas	342	707.220,68
Estradas	453	2.044.658,55
Camiños veciñais	454	1.300.284,24
Xestión Patrimonio	933	448.398,37
	TOTAL	14.955.631,70

Hai 11 concellos que non participan nesta segunda fase e outros concellos non esgotan a achega provincial asignada, polo que se produce unha economía segundo se detalla a continuación:



11 concellos que non presentaron solicitude na 2ª fase do POS+Adicional 2/2025	
Brión	28.769,67
Cambre	245.701,58
Cee	1.074,69
Frades	27.952,85
Muros	5.490,65
Negreira	28.393,88
Ordes	2.385,84
Padrón	6.315,05
Rianxo	35.382,65
Rois	3.018,17
Sada (no presentou nin na 1ª nin na 2ª fase)	688.506,83
TOTAL	1.072.991,86

Economías 2ª fase	
Ares	0,01
Cabanas	1.787,44
Carral	9.020,90
Carballo	73.916,54
Laracha	0,48
Laxe	2.770,82
Narón	529,10
Noia	13.927,14
Miño	104,79
Ortigueira	0,01
As Pontes	0,01
Porto do Son	15,26
Sobrado	418,82
Teo	25.557,87
Trazo	0,01
Cariño	69,03
TOTAL	128.118,23

Os Anexos con toda a información deste expediente son os seguintes:

ÍNDICE DE ANEXOS A ESTE EXPEDIENTE	
ANEXO I	Resumo xeral por concello
ANEXO II	Investimentos financeiramente sostibiles
ANEXO III	Resumo total da 1ª e 2ª fase do POS+Adicional 2/2025

2.- Aprobar os proxectos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións presentados polos concellos que se detallan no Anexo II a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que neste Anexo teñen indicadas



condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

3.- A contratación, a execución e o pago da achega provincial dos investimentos incluídos nesta segunda fase do POS+ Adicional 2/2025 realizarase polos respectivos concellos de acordo coas instrucións que figuran na base 13.5 en relación coas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do POS+ 2025, aínda que o prazo de contratación ampliase ata o 30 de novembro de 2026.

4.- O resumo dos datos de financiamento da 1ª e 2ª e derradeira fase do POS+ Adicional 2/2025 é o que se reflicte na seguinte táboa:

	POS+ADICIONAL 2/ 2025 1ª e 2ª FASE					
FASE	NÚMERO INVESTIMENTOS	DEPUTACIÓN	CONCELLOS			TOTAL
			Achega municipal	IVE deducible	Total concellos	
1ª Fase	123	13.843.258,21	427.807,07	13.248,24	441.055,31	14.284.313,52
2ª Fase	138	14.955.631,70	1.115.726,04	34.257,85	1.149.983,89	16.105.615,59
TOTAL	261	28.798.889,91	1.543.533,11	47.506,09	1.591.039,20	30.389.929,11

P R O G R A M A S		1º FASE	2º FASE	TOTAL
Seguridade orde público	132		18.000,00	18.000,00
Protección Civil	135	83.490,00		83.490,00
Vías públicas	153	6.318.333,02	7.010.556,44	13.328.889,46
Rede sumidoiros	160	1.861.669,65	1.903.973,53	3.765.643,18
Abastecemento de auga potable	161	565.279,95	274.911,93	840.191,88
Xestión residuos	162		72.280,20	72.280,20
Alumeado público	165	265.984,46	89.757,09	355.741,55
Logo de ver a Resolución da Presidencia desta deputación número 36651 do 16 de setembro de 2024, pola que se considera aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2024 por maior achega provincial, no que se inclúen os investimentos financeiramente sostíbeis previstos no Plan Complementario ao POS+ 2024 Base.

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 da citada Resolución, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada uns deles, entre os que figura este investimento do Concello de Carballo cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN PENDINGES
Carballo	2024.2102.0331.0	Ampliación e melloras da rede de saneamento nas parroquias de Rus, Carballo, Oza e outros	364.928,28	0,00	364.928,28	- Supervisión favorable do proxecto -Autorización Augas de Galicia -Autorización Agencia Gallega de Infraestructuras (AXI) - Acreditación da dispoñibilidade dos terreos



Logo de aprobar o Concello Carballo un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 3 de novembro de 2025, polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Juan Cagiao Villar, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 364.928,28 €, idéntico ao do proxecto inicial, que foi redactado para cambiar o trazado previsto inicialmente nunha das actuacións ao non ter a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, así coma para corrixir os erros detectados polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación no seu informe emitido o 29 de agosto de 2025.

Logo de ver que este investimento aínda non esta adxudicado por ter sido aprobado de forma condicionada na Resolución de aprobación da primeira fase deste Plan Adicional 2/2024.

Logo de ver que constan no expediente as Resolucións de Augas de Galicia de 5 de setembro de 2024, e da Axencia Galega de Infraestruturas de data 5 de decembro de 2024, pola que se autorizan, cunha serie de condicións, as obras solicitadas, xunto co informe da técnica municipal de 19 de novembro de 2025, de adecuación de dito proxecto modificado a todas as autorizacións sectoriais concedidas para o proxecto inicial..

Logo de ver o informe xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente pola secretaria do concello o 24 de novembro de 2025, no que, en base ao informe da técnica municipal, conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 14 de novembro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do POS+2024, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación e melloras da rede de saneamento nas parroquias de Rus, Carballo, Oza e outros", do Concello de Carballo incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2024 co código 2024.2102.0331.0, sen variación do seu orzamento de contrata, que está sen adxudicar ao estar condicionado ao cumprimento das condicións suspensivas, que se aprobou polo

**RPT-6654235



concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, que non supón unha variación do seu orzamento, nin do seu obxecto, nin da súa finalidade, pero que implica un cambio do trazado previsto inicialmente nunha das actuacións ao non ter a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, sendo os seus datos os seguintes:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Carballo	2024.2102.0331.0	Ampliación e melloras da rede de saneamento nas parroquias de Rus, Carballo, Oza e outros	364.928,28	0,00	364.928,28	- Supervisión favorable do proxecto - Autorización Augas de Galicia - Autorización Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) - Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, a supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, a acreditación da dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento e a obtención das autorizacións de Augas de Galicia, e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan.

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1606/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carballo para os efectos oportunos.”

19.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)", do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 co código 2022.2000.0227.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e

**RPT-6654235



outros (Corme Porto)", do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 co código 2022.2000.0227.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES:

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Ponteceso	2022.2000.0227.0	Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)	234.735,73	0,00	234.735,73

Logo de ver que o Concello de Ponteceso, mediante acordo adoptado o 19 de xuño de 2024 pola Xunta de Goberno Local, adxudicoulle a obra á empresa EXCAVACIONES POSE ,S.L. co NIF B15626922, e actualmente a obra está parcialmente executada.

Logo de aprobar o Concello de Ponteceso un proxecto modificado deste investimento redactado en outubro de 2025 polo técnico municipal do concello e asinado dixitalmente o 11 de novembro de 2025, que conta coa conformidade do contratista adxudicatario e co preceptivo trámite de audiencia ao redactor do proxecto inicial, cun orzamento de contrata que ascende a 295.957,45 €, superior ao do proxecto incluído no Plan, que foi redactado ao detectarse, durante a execución das obras, unha serie de circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento da licitación do contrato, como consecuencia das condicións xeolóxicas do terreo, que imposibilitan a continuidade dos traballos nas condicións inicialmente previstas, e que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, así coma cun informe de supervisión favorable do Servizo de Asistencia Técnica a municipios desta deputación emitido o 13 de novembro de 2025.

Logo de ver o documento contable de retención de crédito (RC) asinado dixitalmente pola Intervención do concello o 17 de novembro do 2025 para o financiamento do incremento deste proxecto modificado de 11 de novembro de 2025

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña

**ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)”, do Concello de Ponteceso, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 co código 2022.2000.0227.0, que foi aprobado polo Concello de Ponteceso mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2025, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, que foi redactado pola aparición de circunstancias xeotécnicas sobrevidas e imprevisibles no momento da licitación que determinaron a imposibilidade de continuar os traballos nas condicións inicialmente previstas no proxecto inicial, e que presenta un incremento no seu orzamento que é asumido integramente polo concello de Ponteceso, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Ponteceso Código: 2022.2000.0227.0 “Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)”	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación
Deputación	234.735,73	227.480,00	234.735,73	227.480,00
Concello	0,00	0,00	61.221,72	59.329,34
Total	234.735,73	227.480,00	295.957,45	286.809,34

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Ponteceso asume o incremento do orzamento experimentado neste proxecto modificado.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Ponteceso para os efectos oportunos.”

20.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Carral para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos vinte e nove membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Carral para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para



postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.
2. O Pleno do Concello de Carral, en sesión ordinaria de data 23 de outubro de 2025 acadou o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.
3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".
4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.
5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.
6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

- 1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Carral mediante acordo plenario de data 23 de outubro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación
- 2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.
- 3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña."

21.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Cee para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de



Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos vinte e nove membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Cee para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.
2. O Pleno do Concello de Cee, en sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2025 acadou por maioría absoluta o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.
3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".
4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.
5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.
6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

- 1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Cee mediante acordo plenario de data 28 de novembro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación
- 2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.



3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña."

22.- Aprobación da aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Pontedeume para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as interinos/as.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos vinte e nove membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

"No expediente relativo á aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Pontedeume para a encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación consta que:

1. O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 3 de outubro de 2025 adoptou o acordo de aprobación dun convenio tipo para a encomenda da xestión da selección de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos interinos/as para concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia da Coruña.
2. O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria de data 30 de outubro de 2025 acadou por maioría absoluta o acordo de aprobar a adhesión ao dito convenio tipo.
3. Segundo o indicado nos artigos 33.2 e 47. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal do seus membros, a aprobación da adopción de acordos na "transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente".
4. O futuro convenio de encomenda da xestión axustarase ao modelo tipo informado previamente, polo que, segundo as determinacións do artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, non é necesario solicitar novos informes.
5. A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez asinado o correspondente convenio e o seu exercicio levárase a cabo nos termos deste.
6. Segundo o artigo 11 da citada Lei 40/2015, cómpre a publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo de aceptación da encomenda da xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do



contencioso-administrativo da Coruña.

Conforme ao anteriormente exposto, o Pleno da Deputación provincial da Coruña

ACORDA

1.-Aprobar a aceptación da solicitude efectuada polo Concello de Pontedeume mediante acordo plenario de data 30 de outubro de 2025 para encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a a esta Deputación

2.-Aprobar a formalización da dita encomenda de xestión mediante a sinatura do correspondente convenio, segundo o modelo aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, aprobado en sesión do día 3 de outubro de 2025.

3.-Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación desta encomenda da xestión para xeral coñecemento e, no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.”

23.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora camiños con aglomerado ou rego asfáltica en Ouces, Lubre, Bergondo, Moruxo, Babío, Rois e outros", do Concello de Bergondo incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0115.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora camiños con aglomerado ou rego asfáltica en Ouces, Lubre, Bergondo, Moruxo, Babío, Rois e outros”, do Concello de Bergondo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 co código 2024.2000.0115.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 31 de maio do 2024, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Bergondo.

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo plenario, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á



realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN P PENDENTES
Bergondo	2024.2000.0115.0	Mellora camiños con aglomerado ou rego asfáltica en Ouces, Lubre, Bergondo, Moruxo, Babío, Rois e outros	152.862,89	119.685,52	272.548,41	- Autorización Patrimonio Cultural. - Autorización Axencia galega de Infraestruturas (AXI) - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Autorización Demarcación Estradas do Estado en Galicia - Supervisión favorable proxecto corrixido e aprobación concello

Logo de aprobar o Concello de Bergondo un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 10 de decembro de 2025 polo enxeñeiro técnico agrícola e redactor do proxecto inicial Pedro Zapata Roel, cun orzamento de contrata de 347.463,02 €, o que supón un incremento con respecto ao proxecto inicial de 74.914,61 € xa que o primeiro proxecto presentado ascendía a 272.548,41 € e que foi redactado para dar cumprimento aos requirimentos do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios de esta Deputación.

Logo de presentar o concello os documentos acreditativos da dispoñibilidade de crédito suficiente no orzamento municipal de 2025 para o financiamento deste proxecto.

Logo de presentar o concello as autorizacións da Axencia galega de Infraestruturas (AXI), do Servizo Vías e Obras desta Deputación, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, así como os informes de cumprimento das condicións contidas nas ditas autorizacións.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 10 de decembro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o día 24 de novembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 227, do 28 de novembro de 2023, que tiveron unha primeira modificación aprobada mediante acordo plenario do día 22 de decembro de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 245, do 27 de decembro de 2023 para rectificar a base 12.4 do POS+ Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios; e unha segunda modificación, aprobada mediante acordo plenario do día 31 de maio de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 108, do 5 de xuño de 2024, para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS+ Adicional 2/2024 e 3/2024.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**



1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora camiños con aglomerado ou rego asfáltica en Ouces, Lubre, Bergondo, Moruxo, Babío, Rois e outros”, do Concello de Bergondo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024, co código 2024.2000.0115.0, cun orzamento de contrata de 347.463,02 €, que foi aprobado polo órgano competente do concello e que conta co informe de supervisión favorable emitido o 10 de decembro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, e que conta cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado redactado para axustarse ao requirido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, implica un incremento do orzamento total de contrata do investimento respecto do proxecto inicial por importe de 74.914,61 €, financiado polo concello, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Bergondo “Mellora camiños con aglomerado ou rego asfáltica en Ouces, Lubre, Bergondo, Moruxo, Babío, Rois e outros” Código 2024.2000.0115.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	152.862,89	152.862,89	0,00
Concello	119.685,52	194.600,13	74.914,61
Total	272.548,41	347.463,02	74.914,61

2.- Coa aprobación polo concello deste proxecto modificado que foi supervisado favorablemente e coa presentación polo concello das autorizacións da Axencia galega de Infraestruturas (AXI), do Servizo Vías e Obras desta Deputación, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Bergondo	2024.2000.0115.0	Mellora camiños con aglomerado ou rego asfáltica en Ouces, Lubre, Bergondo, Moruxo, Babío, Rois e outros	152.862,89	194.600,13	347.463,02	- Autorización Patrimonio Cultural. - Autorización Axencia galega de Infraestruturas (AXI) - Autorización Servizo Vías e Obras desta Deputación - Autorización Demarcación Estradas do Estado en Galicia - Supervisión favorable proxecto corrixido e aprobación concello

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2025 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Bergondo asume integramente o incremento experimentado por este proxecto modificado.



4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Bergondo para os efectos oportunos.”

24.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación beirarrúas, redes saneamento, abastecemento e servizos na AC-162 na Lagoa (Ouces)", do Concello de Bergondo incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0209.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Renovación beirarrúas, redes saneamento, abastecemento e servizos na AC-162 na Lagoa (Ouces)”, do Concello de Bergondo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0209.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 30 de maio do 2025, en relación co acordo plenario de 27 de xuño de 2025, polo que se aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Bergondo	2025.2000.0209.0	Renovación beirarrúas, redes saneamento, abastecemento e servizos na AC-162 na Lagoa (Ouces)	268.451,46	231.921,76	500.373,22	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) - Autorización da Xunta de Galicia na zona de servidume de protección do DPMT - Autorización Patrimonio Cultural -Xunta

Logo de aprobar o Concello de Bergondo un proxecto modificado deste investimento asinado dixitalmente o 26 de novembro de 2025 polos enxeñeiros de camiños, canais e

**RPT-6654235



portos Patricio Aguilar Cavanillas e Hadrian Arias Durán, que xa redactaran o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 512.849,65 €, o que supón un incremento con respecto ao proxecto inicial de 12.476,43 €, xa que o primeiro proxecto presentado ascendía a 500.373,22 €, e que foi redactado para dar cumprimento ao requirido polo polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e ás condicións contidas nas autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Logo de ver que o Concello de Bergondo asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto, segundo figura no acordo de data 27 de novembro de 2025 polo que aproba este proxecto modificado, así como no documento contable RC da mesma data

Logo de presentar o concello as autorizacións sectoriais da Axencia Galega de Infraestruturas, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Enerxías renovables e cambio climático, competente para emitir autorizacións na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, ademais do informe técnico asinado dixitalmente o 28 de novembro de 2025 polo enxeñeiro redactor do proxecto, Patricio Eduardo Aguilar Cavanillas, onde se informa que este proxecto modificado se axusta ás condicións contidas nas ditas autorizacións

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 1 de decembro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación beirarrúas, redes saneamento, abastecemento e servizos na AC-162 na Lagoa (Ouces)”, do Concello de Bergondo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025, co código 2025.2000.0209.0, cun orzamento de contrata de 512.849,65 €, que foi aprobado polo órgano competente do concello e que conta co informe de supervisión favorable emitido o 1 de decembro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado, redactado para dar cumprimento ao requirido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e ás condicións contidas na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral do Patrimonio

**RPT-6654235



cultural da Xunta de Galicia, implica un incremento do orzamento total de contrata do investimento respecto do proxecto inicial por importe de 12.476,43 € que é asumido polo concello tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Bergondo "Renovación beirarrúas, redes saneamento, abastecemento e servizos na AC-162 na Lagoa (Ouces)" Código 2025.2000.0209.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	268.451,46	268.451,46	0,00
Concello	231.921,76	244.398,19	12.476,43
Total	500.373,22	512.849,65	12.476,43

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa supervisión favorable do proxecto corrixido e a súa aprobación polo concello, e coa presentación polo concello das autorizacións a cuxa obtención foi sometida, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, quedando o cadro de financiamento definitivo desta obra como se indica a continuación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDAS
Bergondo	2025.2000.0209.0	Renovación beirarrúas, redes saneamento, abastecemento e servizos na AC-162 na Lagoa (Ouces)	268.451,46	244.398,19	512.849,65	- Supervisión favorable do proxecto corrixido e aprobación polo concello - Autorización Axencia Galega Infraestruturas (AXI) - Autorización da Xunta de Galicia na zona de servidume de protección do DPMT - Autorización Patrimonio Cultural -Xunta

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2025 / 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Bergondo asume integramente o incremento experimentado no orzamento de contrata deste investimento con motivo da modificación do proxecto, segundo figura no acordo de data 27 de novembro de 2025 polo que se aproba este proxecto modificado, así como no documento contable RC da mesma data.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Bergondo para os efectos oportunos."

25.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a outubro de 2025.



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de outubro de 2025.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de outubro de 2025.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

26.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2025 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2025 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

27.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2025 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 1º trimestre de 2025 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

28.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 2º trimestre de 2025 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 2º trimestre de 2025 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

29.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 2º trimestre de 2025 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 2º trimestre de 2025 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.



30.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2025 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2025 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

31.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2025 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2025 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

32.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 3º trimestre de 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación provisional da recadación voluntaria do 3º trimestre de 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

33.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Outes sobre a recadación executiva de ingresos públicos non periódicos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos vinte e nove membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Outes en relación coa recadación executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de cobro non periódico ou por períodos inferiores ao ano.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.”

34.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Teo sobre a inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos vinte e nove membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Teo en relación coa seguinte materia:

Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.

35.- Dación de conta das resolucións da presidencia número 53880/2025 e 53881/2025, relativas ao persoal eventual.

Dase conta das resolucións da presidencia número 53880/2025 e 53881/2025, ambas as dúas de data 14/11/2025, relativas ao persoal eventual.

36.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Mugardos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos vinte e nove membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Mugardos en relación coas seguintes materias:

1) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre bens inmobles ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

2) Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, así como a facultade para solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión



censual e inspección e establecer con esta Administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.

3) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

4) A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co Imposto sobre bens inmobles.

5) Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro.

6) Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas de notificación colectiva mediante padrón:

Taxa polo servizo de subministro de auga.

Taxa polo servizo de recollida do lixo.

Taxa polo servizo de sumidoiros.

Taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal.

Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante reservas de vía pública.

Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante a entrada e saída de vehículos a través de beirarrúas.

7) Recadación voluntaria e executiva dos seguintes ingresos, de carácter non periódico:

Taxa pola prestación do servizo de contra incendios e salvamentos.

Multas coercitivas por limpeza de fincas.

Multas coercitivas por incumprimento de deberes urbanísticos.

8) Recadación executiva de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de cobro non periódico ou por períodos inferiores ao ano.

O Concello de Mugardos xa tiña delegadas a instrución dos procedementos sancionadores de tráfico e a súa recadación e a xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais con adhesión ás Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais aos concellos que non teñan delegada a xestión tributaria e a recadación dos impostos municipais obrigatorios.

Coa entrada en vigor da presente delegación o exercicio de todas as competencias delegadas levarase a cabo segundo o establecido nas Bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e nas Bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.



2. A delegación entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2026. A delegación do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana terá efectos unicamente para as declaracións relativas a este imposto que se presenten a partir da citada data.

O prazo de vixencia da delegación das novas competencias será de 10 anos segundo establecen as Bases con aplicación da data de finalización deste prazo á delegación das competencias xa delegadas.”

37.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mazaricos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "Acondicionamento da senda do Xallas"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora do patrimonio provincial.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O obxecto deste proxecto é poñer en funcionamento unha ruta paisaxística que discorre en paralelo ao río Xallas, cunha lonxitude total de 70,3 quilómetros, para poñer en valor a beleza do propio curso fluvial así coma os valores naturais, culturais e paisaxísticos da súa contorna máis inmediata. Concíbese a actuación tanto coma un recurso de dinamización turística do rural coma un medio para mellorar a mobilidade da veciñanza, ao tempo que se pula por promover a concienciación tanto da poboación local coma dos visitantes sobre a necesidade de protección da biodiversidade e do patrimonio etnográfico asociado aos cursos fluviais. Nese senso, a senda deséñase coa intención de causar o mínimo impacto ambiental, afastándose en ocasións do leito do río para non perturbar a flora e fauna existentes, evitando tamén afectar a vida e o traballo dos veciños dos lugares polos que transita.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo.

4º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE MAZARICOS con CIF P1504600F quen actúa en representación dos concellos de Mazaricos, Santa Comba e Zas, impulsolres do proxecto para financiar o “ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO



XALLAS" cun orzamento de 368.749,18 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 294.999,34 euros o que representa unha porcentaxe de **80,000%**.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MAZARICOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO XALLAS"

Na Coruña, a ___ de _____ de 202__

Ante min, Miguel Iglesias Martínez Secretario Xeral da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **Concello de MAZARICOS**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no

**RPT-6654235



artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de MAZARICOS considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO XALLAS**, xa que o Concello de MAZARICOS considera de primeira necesidade ás actuacións para para poñer en funcionamento unha ruta paisaxística que discorre en paralelo ao río Xallas, cunha lonxitude total de 70,3 quilómetros, para poñer en valor a beleza do propio curso fluvial así coma os valores naturais, culturais e paisaxísticos da súa contorna máis inmediata. Concíbese a actuación tanto coma un recurso de dinamización turística do rural coma un medio para mellorar a mobilidade da veciñanza, ao tempo que se pula por promover a concienciación tanto da poboación local coma dos visitantes sobre a necesidade de protección da biodiversidade e do patrimonio etnográfico asociado aos cursos fluviais. Nese senso, a senda deséñase coa intención de causar o mínimo impacto ambiental, afastándose en ocasións do leito do río para non perturbar a flora e fauna existentes, evitando tamén afectar a vida e o traballo dos veciños dos lugares polos que transita.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar o ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO XALLAS, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

O Concello de Mazaricos actúa en representación dos tres concellos implicados no proxecto, Mazaricos, Santa Comba e Zas e será o encargado da xestión do proxecto.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de MAZARICOS ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación interadministrativa ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de MAZARICOS, con CIF P1504600F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das actuacións de "**ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO XALLAS**", tal e como aparece definida esta na memoria valorada que figura no expediente.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora das actuacións, achega ao expediente un exemplar da memoria valorada, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das actuacións. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.



3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

1. ACONDICIONAMENTO DO TERREO	9.231,60 €
2. CIMENTACIÓNS	34.592,02 €
3. ESTRUCTURA	205.521,97 €
4. VARIOS	2.600,00 €
5. SEGURIDADE E SAÚDE	2.084,12 €
6. XESTIÓN DE RESIDUOS	2.063,89 €

ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL OEM 256,093.60 €

13% GASTOS XERAIS GX	33,292,17 €
6% BENEFICIO INDUSTRIAL BI	15.365,62 €

SUMA 304.751,39 €

21 % IVE 63,997,79 €

**ORZAMENTO DE EXECUCIÓN
POR CONTRATA OEC** **368.749,18 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **294.999,34 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.



4 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4321/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Base 54 das de execución do Orzamento para o ano 2025, **ata o 50 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por

**RPT-6654235



medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

1. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
2. Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
5. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **50 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
2. **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
3. Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
6. **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
7. Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que



poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.



2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de AGOSTO de 2026**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MAZARICOS

Asdo.: _____

Asdo. _____



**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo._____”

38.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "As cabeceiras do Xallas"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

O proxecto “Cabeceiras do Xallas”, ten a intención de actuar de maneira sostible nos espazos que dan orixe a un Río transcendente para o territorio, e que poida ser gozado dunha maneira saudable.

Desta maneira, o valor etnográfico e paisaxístico da zona quedará multiplicado coas seguintes actuacións:

- Rehabilitación do Muíño do Relo”
- Creación de itinerarios de sendeirismo, que conecten as cabeceiras do Xallas entre si, ademais de unir este espazo coa catarata de Castriz.
- Sinalización nas estradas da situación dos principais elementos turísticos

Os obxectivos das actuacións serán:



- Poñer en valor contornas singulares da orixe do Río Xallas, as súas cabeceiras, de onde xorden os Regos de Recarei, Castiñeira e Bazar e que lle dan a vida. Estes espazos, xunto co Monte Castelo, onde se orixinan contan con evidente potencial turístico e etnográfico. Este valor sería un escenario novo en Galicia, percorrendo as humildes orixes dun Río que se converte en único na súa desembocadura.
- Vertebrar 3 parroquias do Concello de Santa Comba (Vilamaior, Bazar e Castriz), e os límites xeográficos e naturais entre o Concello de Santa Comba e os de Tordoia e Coristanco, que se unen nun espazo visualmente único no alto do Monte Castelo. Esta zona, de características rurais e con escasa ou nula presenza de actuacións no ámbito turístico é un dos portais de entrada na "Terra do Xallas", con vías de comunicación que a conectan tanto coa área metropolitana da Coruña como con Santiago de Compostela.
- Unir o valor medioambiental do curso alto do Río Xallas, dos humidaís que o orixinan, unha zona onde existen plantas únicas como a Centaura ultreiae, a valores paisaxísticos como son os que conserva o Monte Castelo, ademais de fauna e flora, xeolóxicos e patrimoniais de diversa índole, sobre todo relacionados coa cultura da auga.
- Dotar ao Concello de Santa Comba de atractivos turísticos e posibilidades de lecer saudable e alternativo.
- Promover a defensa do medio ambiente con itinerarios polos camiños que unirían as cabeceiras do Xallas entre si, e que unirían este espazo con outro atractivo turístico do Concello como é a "Fervenza de Castriz".
- Potenciar as posibilidades de vida nas contornas rurais

A mellora e acondicionamento dos entornos fluviais ten importantes vantaxes e oportunidades de carácter turístico:

- Posta en valor de recursos naturais: A riqueza natural, histórica e gastronómica dun territorio, como o do río Anllóns, convérteo nun enclave idóneo para actividades turísticas. O acondicionamento permite converter estes recursos en atractivos turísticos.
- Desenvolvemento de actividades turísticas: As intervencións nas ribeiras do río Anllóns impulsarán a actividade turística da zona, permitindo o aproveitamento de recursos naturais para a creación de experiencias turísticas e mellorando a calidade dos produtos e servizos.
- Creación de espazos de observación e lecer: Pódense crear miradoiros que actúen como atractores importantes e recuperar praias fluviais para xerar máis afluencia de visitantes.
- Fomento da cultura sostible e conciencia ecolóxica: O desenvolvemento do proxecto busca fomentar unha cultura máis sostible e unha maior conciencia ecolóxica entre a poboación e os visitantes.
- Impacto económico e social: O acondicionamento pode xerar emprego e rendas, beneficiando ao sector turístico e á poboación residente. Búscase converter o territorio nun destino competitivo e sostible que sirva de referencia para outras zonas con potencial de desenvolvemento.
- Integración de sectores: Permite integrar a cadea agroalimentaria, pesqueira e marisqueira no sector turístico a través de experiencias gastronómicas inmersivas.



3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.
- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.
- Incumprimento do disposto no artigo 18 da Ordenanza Xeral de Subvencións ao non xustificarse as razóns de interese público que dificultan ou impiden a súa inclusión no Plan Único POS +

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE SANTA COMBA con CIF P1507800I, para financiar as "AS CABECEIRAS DO XALLAS " cun orzamento total de 48.526,94 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 38.821,55 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80.00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTA COMBA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA "AS CABECEIRAS DO XALLAS"

Na Coruña, a __ de _____ de 202__

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representado polo seu Presidente, D.....(ou deputado/a no que delegue),(No caso de signatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario xeral, D.(ou quen legalmente lle substitúa) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrón- nica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do

**RPT-6654235



Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réximen xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E, **doutra parte**, o Concello de Santa Comba, con NIF P1507800I, representado polo seu Alcalde/Presidente D.(ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do Concello de Santa Comba do 24 de maio de 2024, no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos :

“O Concello de Santa Comba ten interese en realizar as obras contidas no proxecto “As cabeceiras do Xallas: Rehabilitación muíño do relo, senda turística polas cabeceiras do Xallas e conexión coa ferverza de Castriz”, redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, colexiado 5096 do COAG, con data de marzo de 2023, cun valor estimado de contrato de 40.104,91 euros, e 8.422,03 euros de IVE (21%), que ascende a un orzamento base de licitación de 48.526,94 euros, e un prazo de execución de un (1) mes. O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LBRL), entre as que se inclúe a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

1.- A situación económica do Concello, que por razóns de orzamento e do estado das arcas municipais impediría acometer este tipo de obras a curto e a medio prazo.

2.- A motivación e o fundamento das necesidades da actuación para a que se solicita a axuda nominativa, que entre outras, son:

- Dende fai décadas, o Concello de Santa Comba pon a promoción do deporte, ocio e turismo entre unha das súas prioridades.

- Por outra parte, este tipo de actuacións, ademais de buscar a promoción do deporte, do ocio e do turismo municipal, ten como obxecto a recuperación de espazos naturais de importante valor patrimonial e paisaxístico.

- A finalidade desta actuación, tal e como se indica, é pois a de contribuír á promoción de deporte, do tempo libre e do turismo natural entre os veciños e visitantes do Concello, así como a de recuperación e posta en valor dun espazo natural e patrimonial que conta cun potencial turístico e de ocio moi salientable”



A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de deporte, ocio e turismo, que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de SANTA COMBA, con CIF P1507800I , para o financiamento da obra denominada "**AS CABECEIRAS DO XALLAS**", tal como aparece definida no proxecto redactado por Don Manuel Rodríguez Mourelle con data 4 de xullo de 2025.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou



unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos .

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

1 OBRA	
1.1 ACONDICIONAMIENTO DEL TERRENO .	6.775,00
1.2 ACONDICIONAMIENTO MUIÑO .	12.471,97
1.3 SEÑALIZACION DEL ROTO .	13.488,93
Total 1 OBRA	32.735,90
2 IMPREVISTOS .	277,00
3 SEGURIDAD Y SALUD .	278,41
4 GESTION DE RESIDUOS .	410,29
Presupuesto de ejecución material	33.701,60
13% de gastos generales	4.381,21
6% de beneficio industrial	2.022,10
Suma	40.104,91
21% IVA	8.422,03
Presupuesto de ejecución por contrata	48.526,94

III.- FINANCIAMIENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **38.821,55 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,000%**, que constitúe o “coeficiente de financiamento” A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre



o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial será o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos reivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realización da dita actividade.

4 O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4321/76201** para o ano 2025, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito suficiente e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento a este apartado.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente



Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicios Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DEFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida..

2. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
2. Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
3. **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
4. Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
5. **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
6. Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.



2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificacións de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.

2. Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.

3. Acta de recepción da obra. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.

4. Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.

5. Presentación de **fotografías**, dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

6. Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.

7. Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.

8. Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.

9. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4. Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tanto, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista. A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no



proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS, COA SEGURIDADE SOCIAL E COA DEPUTACIÓN

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación.

2. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiable pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificadas, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo



máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do



Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao **A ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

- Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do Concello de Santa Comba, ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

- En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación terá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **30 de OUTUBRO do 2026** o que representa unha vixencia de xxx meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3. A estes efectos, **a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio, **indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificadas os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras.**



O dito prazo será máximo e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación**, polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicios Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase : electrónicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle subsitúa*)..

**O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____**

**O ALCALDE -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SANTA COMBA**

Asdo.:_____

Asdo._____

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo._____”

39.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a "AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO" polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto "MERCADO CREATIVO" DENTRO DO FESTIVAL MENINAS DE CANIDO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º. Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a A AGRUPACIÓN ARTÍSTICA MENINAS DE CANIDO (G15876659), para o financiamento do denominado MERCADO CREATIVO DENTRO DO FESTIVAL MENINAS DE CANIDO (ANO 2024) cunha achega provincial de 22.000,00 €, que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % con respecto a un orzamento de 27.500,00 €,

2º. Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente.

3º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu



regulamento. Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

Todo o anterior, logo dos preceptivos informes da Secretaría Xeral, Servizo de Patrimonio e Contratación e Servizo de Fiscalización, e previo ditame da Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a "Agrupación Artística Meninas de Canido" polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o "Mercado Creativo dentro do Festival Meninas De Canido "

A Coruña,

REUNIDOS

D/Dna.-----, en nome e representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación da "Agrupación Artística Meninas de Canido"

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

3.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a "Agrupación Artística Meninas de Canido" consideran de gran interese para a provincia potenciar o Mercado Creativo dentro do Festival Meninas de Canido para dar a coñecer a obra de artistas e artesáns, como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da "Agrupación Artística Meninas de Canido", as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha



subvención nominativa por esta Deputación a prol da **"Agrupación Artística Meninas de Canido"**, CIF G15876659 fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do **Mercado Creativo** dentro do Festival Meninas De Canido .

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A "Agrupación Artística Meninas de Canido" levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe (IVE engadido)
Alugueiro "jaimas".	5.500,00 €
Alugueiro cadeiras e mesas	2.000,00 €
Vixilancia nocturna	1.800,00 €
Montaxe eléctrico	3.200,00 €
Produción e montaxe	5.000,00 €
Rotulación e impresión	3.000,00 €
Alugueiro material obradoiros	4.000,00 €
Difusión e promoción	3.000,00 €
TOTAL	27.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 22.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4314/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a "Agrupación Artística Meninas de Canido" obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á "Agrupación Artística Meninas de Canido". Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades



vinculadas á "Agrupación Artística Meninas de Canido" nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a "Agrupación Artística Meninas de Canido" deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a "Agrupación Artística Meninas de Canido" tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da "Agrupación Artística Meninas de Canido".

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada á "Agrupación Artística Meninas de Canido", unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

1.- **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da "Agrupación Artística Meninas de Canido", xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4.- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A "Agrupación Artística Meninas de Canido" deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2024**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a "Agrupación Artística Meninas de Canido" deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de xullo de 2025**.



3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á "Agrupación Artística Meninas de Canido" para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á "Agrupación Artística Meninas de Canido" da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola "Agrupación Artística Meninas de Canido" na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-A "Agrupación Artística Meninas de Canido" deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A "Agrupación Artística Meninas de Canido" destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a "Agrupación Artística Meninas de Canido" deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a "Agrupación Artística Meninas de Canido" poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais



obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a "Agrupación Artística Meninas de Canido" queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da "Agrupación Artística Meninas de Canido" serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á "Agrupación Artística Meninas de Canido" será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2024**, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro do ano 2025**, sempre e cando exista crédito para tal fin.



2. Previa solicitude da Agrupación Artística Meninas de Canido, realizada, alo menos, un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da "Agrupación Artística Meninas de Canido", respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante da
"Agrupación Artística Meninas de
Canido"

40.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto "XXXIV Edición da Mostra do Encaixe de Camariñas" no ano 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:



“1º. Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS con CIF P1501600I para o financiamento da XXXIV EDICIÓN DA MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS no ano 2025, cunha achega provincial de 120.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 70,25952% con respecto a un orzamento de 170.795,35€.

2º. Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para financiar o proxecto “XXXIV EDICIÓN DA MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS” no ano 2025.

A Coruña,

REUNIDOS

D/Dna.-----, en nome e representación da Excm. Deputación Provincial de A Coruña,

D/Dna.-----, en nome e representación do CONCELLO DE CAMARIÑAS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 36 e coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 109.

2.- Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades (artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio de cooperación conforme ás seguintes:



CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE CAMARIÑAS, P1501600I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “XXXIV EDICIÓN DA MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS” no ano 2025.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE engadido)
CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL	
Soldos e Salarios	10.996,00 €
Seguridade Social a cargo da entidade	4.147,35 €
CAPÍTULO II: GASTOS CORRENTES	
Publicidade e propaganda:	
Publicidade en diferentes medios e servizo de comunicación	33.000,00 €
Reportaxes fotográficos e vídeo	3.000,00 €
Servizo de Spot publicitario	12.700,00 €
Compras de bens destinados á actividade:	
Subministro encaixe deseñadores e artesáns desfiles pasarela	7.000,00 €
Subministracións camisetas, bolsas, lanyards persoal voluntario	3.000,00 €
Subministro de moqueta feiral y cinta adhesiva	10.252,00 €
Servizos de profesionais independentes:	
Asesoramento e asistencia como xurado para o Concurso de Noveis Deseñadores	1.700,00 €
Estudo e xestión dos desfiles de pasarela	5.800,00 €
Servizo de megafonía interior e exterior e iluminación, pantallas, cámaras y operadores da Pasarela	14.900,00 €
Restauración en diferentes facturas: manutención de palilleiras de delegacións de países invitados, deseñadores de las firmas e artencaxe, personal voluntario: azafatas/os e protección civil durante los 5 días	7.000,00 €
Servizo de actuacións artísticas	5.000,00 €
Servizo de limpeza montaxe, feira e desmontaxe	5.000,00 €



CONCEPTO	IMPORTE (IVE engadido)
Servizo de locución de desfiles e actos	3.500,00 €
Servizo de modelos e coreografía	14.900,00 €
Servizo de vixilancia	7.000,00 €
Servizo de electricidade e iluminación dos stands e feira xeral	9.800,00 €
Talleres lúdicos e parque infantil	2.100,00 €
Servizo de decoración feiral	10.000,00 €
TOTAL	170.795,35 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 70,25952%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,25952% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutra subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.



V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CAMARIÑAS, unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma SUBTEL) a seguinte documentación:

1.- **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- **Relación clasificada dos gastos** realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

3.- **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- **Declaración doutras axudas** ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA**, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre o día **1 de xaneiro de 2025 a 30 de novembro de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA **antes do 31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMARIÑAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.



4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e



nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retrasos na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro de 2025 a 30 de novembro de 2025**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2026** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2026**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CAMARIÑAS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.



XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día-----

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do
CONCELLO DE CAMARIÑAS"

41.- Aprobación da inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa DP0042A de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobación da inclusión no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 do Programa DP0042A de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica, proposta polo Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego.

2º.- Incluír no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña 2025/2027 a ficha individualizada do programa de subvencións indicada no apartado 1º, con referencia aos seus obxectivos estratéxico e operativo, que quedaría como se transcribe a

**RPT-6654235



continuación:

FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA

Liña de fomento provincial	Convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica
Código identificativo	DP0042A
Área	Promoción Económica
Servizo / Sección	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego Sección de Promoción Económica e Emprego
Competencia desenvolvida	Promoción económica
Custo previsible	300.000,00 €
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Desenvolvemento económico e social
Fontes de financiamento	Propia
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións, Bases reguladoras
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Promoción económica
Obxectivo xeral	Sectores produtivos en xeral



Obxectivo específico	Financiación da realización de accións tendentes a dinamizar a participación, estimular a cohesión social, potenciar as condutas cívicas, favorecer a integración, loitar contra o despoboamento rural, así como mellorar a calidade de vida das persoas, por parte das entidades sen ánimo de lucro que forman parte dos seguintes ámbitos: Eixo 1: Dirixido ás asociacións veciñais de concellos de menos de 50.000 habitantes Todas aquelas actividades de interese xeral no ámbito parroquial, municipal ou comarcal, tales como: - Programas e metodoloxías de participación cidadá que faciliten a apertura de procesos participativos nos que poidan tomar parte veciños e veciñas dunha parroquia ou barrio concreto ou ben de todo o Concello. Abrir espazos de debate, de intercambio de ideas ou elaboración de propostas, incorporando mecanismos de participación cidadá. - Proxectos, programas e/ou actividades de lecer, formativas e educativas, valiosas para toda a cidadanía da parroquia, barrio ou concello, sen ser necesario ter a condición de socio/a para participar nelas (información e formación en condutas cívicas ou mellora de hábitos en relación coa contorna, talleres, cursos, conferencias, ou calquera outro formato que se considere oportuno) e que favorezan a participación activa da cidadanía na vida do Concello. Eixo 2: Dirixido ás asociacións de mulleres: - Programas e metodoloxías de participación cidadá que faciliten a apertura de espazos de socialización, espazos seguros nos que poidan tomar parte as mulleres co obxectivo de facilitar a súa participación social, económica e política na súa contorna. Abrir espazos de debate, de intercambio de ideas ou elaboración de propostas, incorporando mecanismos de participación cidadá. - Proxectos, programas e/ou actividades, que fomenten o envellecemento activo e saudable, o coidado da saúde a promoción de hábitos de vida saudables e sostíbeis, compatibles coa conservación do entorno rural. Actividades de información e formación en condutas cívicas ou mellora de hábitos en relación coa contorna, talleres, cursos, conferencias, ou calquera outro formato que se considere oportuno e que favorezan a participación activa da cidadanía na vida do Concello. - Proxectos, programas e/ou actividades encamiñadas ao empoderamento das mulleres, ao fomento do emprendemento e ao fomento e consolidación do asociacionismo, mediante a realización de actividades de difusión, formación ou acompañamento. - Actividades de acompañamento e atención a mulleres en situación de vulnerabilidade ou mulleres en risco de exclusión social. - Actividades, programas encamiñados a loita contra a soidade non desexada, especialmente para facilitar o acompañamento das mulleres maiores e con dificultades de acceso aos servizos básicos.
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro que formen parte dos seguintes ámbitos: asociacións veciñais e asociación de mulleres.
Indicadores de seguimento	Nº de solicitudes Nº de concesións Importe medio da achega concedida Nº de proxectos realizados pola entidade Nº estimado de beneficiarios/as

**OBXECTIVO ESTRATÉGICO E OPERATIVO:**

Obxectivo estratéxico 03		Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e contribúan a frear o despoboamento				
OBXECTIVO OPERATIVO	ACTIVIDADE DE FOMENTO					
	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.11 O.16	DP0042A	Programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia de Coruña para a realización de actividades de promoción económica	Convocatoria pública/Concurrencia	Entidades sen fins de lucro que formen parte dos seguintes ámbitos: asociacións veciñais e asociación de mullres.	300.000,00 €	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego
OBXECTIVO OPERATIVO		CONCEPTO				
11		Favorecer o mantemento e a recuperación demográfica do medio rural				
16		Fomentar o asociacionismo e apoiar o tecido asociativo				

42.- Aprobación definitiva do proxecto da obra Sendas Peonís nas estradas DP 5602 Negreira a Pontenafonso e DP 1302 Negreira a Urdilde (NEGREIRA), Plan de Sendas Peonís 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar definitivamente o Proxecto DP 5602 NEGREIRA A PONTENAFONSO E DP 1302 NEGREIRA A URDILDE (NEGREIRA). PLAN DE SENDAS PEONÍS 2024 cun orzamento total de 725.971,63€ con cargo á aplicación 0410/4535/60900, que se detalla:



CONCELLO	CODIGO	DENOMINACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN	ORZAMENTO	CLASIFICACIÓN
Negreira	2024.1170.0002.0	Sendas peonís na DP 5602 Negreira a Pontenafonso e DP 1302 Negreira a Urdilde (Negreira)	10 meses	725.971,63 €	G-6-3

2.- Expoñer ao público o Proxecto [DP 5602 NEGREIRA A PONTENAFONSO E DP 1302 NEGREIRA A URDILDE \(NEGREIRA\)](#) mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3- Condicionar a aprobación definitiva do proxecto á verificación do pago de depósitos previos que acredite a dispoñibilidade dos terreos.”

43.- Aprobación definitiva do proxecto da obra Mellora da seguridade viaria na DP 2502 en Vilaboa (VALDOVIÑO). Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar definitivamente o proxecto Mellora da seguridade viaria na DP-2502 en Vilaboa (Valdoviño) Plan de Investimentos Provinciais 2024 cun orzamento total de 384.568,24 € con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/60900 que se detalla a continuación:

CÓDIGO 2024.1110.005.0

DENOMINACIÓN MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP-2502 EN VILABOA (VALDOVIÑO)

CONCELLO VALDOVIÑO

Prazo de execución 5 MESES

ORZAMENTO 384.568,24 €

2.- Expoñer ao público o [Proxecto de mellora da Seguridade viaria na DP 2502 en Vilaboa \(Valdoviño\)](#) mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense,



considerarase definitivamente aprobado.

3- Condicionar a aprobación definitiva do proxecto á verificación do pago de depósitos previos que acredite a dispoñibilidade dos terreos.”

44.- Aprobación técnica da obra Mellora da intersección na DP 0102, Lema a Orto, punto quilométrico 1+600 (CAMBRE)

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR TÉCNICAMENTE o Mellora de intersección en DP 0102, Lema a orto, punto quilométrico 1+600 (Cambre) . Plan de Investimentos en Vías Provinciais 2025 cun orzamento total de 243.274,96 € con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/60900 do devandito Plan que a continuación se detalla:

Código	2025.1110.0012.0
Denominación	Mejora de intersección en DP 0102, Lema la orto, punto kilométrico 1 600 (Cambre)
Concello	Cambre
Orzamento	243.274,96 €
Prazo de execución	6 meses
Expropiación	30.610,32 €

2.- INICIAR OS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra anteriormente referenciada, ascendendo o orzamento da expropiación e bens afectados á cantidade de 30.610,32 €.

3- EXPOÑER ao público o Proxecto [Mellora de intersección en DP 0102, Lema a orto, punto quilométrico 1+600 \(Cambre\)](#) mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Non hai mocións. Rogos, preguntas?



Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Lo primero, si me permite hacer una pequeña chanza, aprovechando que estamos en el día del sorteo de la lotería, vemos que hoy le ha tocado en los equivalentes por inversión un décimo a los concellos de Camariñas, Cedeira y Miño, lo cual nos congratula y hemos votado a favor, esperemos que para la del Niño vaya algún ayuntamiento del Partido Popular en el siguiente Pleno. Era simplemente una chanza.

Y ahora, no sé si será un ruego o una pregunta, quizá una pregunta dirigida a usted en primera persona, presidente, y es lo referente a un comunicado de prensa de su partido en Frades.

Este es el comunicado, emitido desde la dirección provincial, luego se lo paso, pero lo voy a leer, lo voy a leer. Y dice lo siguiente. “O PSOE de Frades reúne coa Deputación e anuncia o seu compromiso de iniciar as obras da senda peonil entre Ponte Carreira e Aiazo. Enrique Astray explica que as obras comezarán coa maior brevidade posible, estando pendente só o sondeo arqueolóxico”.

Bueno, no voy leerla toda, voy a acabar con la última parte, que es la del señor Fernández, que dice: “Pola súa parte, Bernardo Fernández incidiu no compromiso da Deputación coa mellora da seguridade viaria no municipio e recoñeceu o papel impulsor do portavoz socialista local para que esta infraestrutura avance e sexa unha realidade canto antes”.

Mire usted, señor presidente, esta senda es una senda que empezamos a trabajar y a hablar con el señor Pequeño cuando aún era diputado de Obras. Una senda que el alcalde de Frades, el señor Tito Rey, trabajó, impulsó, se esforzó por ella y continuó trabajando con la señora Rodríguez, con doña Mónica, acogiéndola de buen grado y es un compromiso de esta institución con el Concello de Frades, impulsado por el actual alcalde de Frades.

Nosotros entendemos que, en el juego político, vale todo o casi todo. Yo entiendo que ustedes últimamente en su Partido están despistados y a lo mejor hacen notas de prensa de este tipo. Pero es que quiero que me diga usted, señor presidente, si no llega a ser por la labor del señor Astray, Enrique Astray, ¿no se hubiera llevado a cabo esta senda? Simplemente pendiente del estudio arqueológico, una senda impulsada por el Partido Popular o por el Gobierno del Partido Popular, trabajada durante años, y esto es lo que no puede ser. Y si no figurara el señor Fernández, por lo menos, oiga, pues mire, yo entiendo que el portavoz socialista haga su trabajo en su ayuntamiento y que diga gracias a mí y tal, oiga, pero en una nota de prensa dejar esto por escrito, no nos parece serio, señor Formoso.

Entonces, a mí me gustaría que usted diga: ¿si no fuera por el trabajo del portavoz socialista, esta senda no saldría adelante? Es una pregunta en primera persona a usted, presidente. Es a usted la pregunta, no es a ningún otro miembro de esta Corporación.

Sr. Fernández Piñeiro

A min o que me parece sorprendente é que pregunte vostede no Pleno por unha



nota que dixo, e corríxoo, non sei se se emocionou como con anterioridade e o negará agora, dixo: “mandada por la Diputación”; non, está mandada polo Grupo Socialista. Faltaría máis que que lle teña que dar a vostede explicación das notas que manda o meu grupo. Xa me parecería o colmo; o meu grupo manda as notas que considera oportunas, igual que o fai o seu. Hai unha diferenza, as miñas acostuman ter algo de rigor; as súas, como aquela do Plan único que lle roubamos e todo iso, non. Entón, leccións nese aspecto, ningunha. Aquí ninguén nesa nota, e se pode vostede volver a lela, ninguén lle quita ningún mérito ao seu alcalde, nin di que o seu alcalde non fixera nada. Pero... é que non ten por que nomealo; só faltaría que lle faga eu a propaganda ao seu alcalde, para iso está vostede, traballe. O que estamos poñendo nós en valor é o traballo do noso voceiro, que é verdade que se interesou dende o primeiro momento, aínda estando na oposición, por esa obra. Porque recórdolle, aínda que vostedes aquí non o fan, a oposición ás veces tamén pode traballar en positivo e facer propostas en positivo e interesarse por proxectos de mellora. Vostedes non, porque están a outras cousas, pero é habitual. Nós, polo menos, que somos un grupo responsable, e polo que me consta que os meus compañeiros de cogoberno na Deputación tamén, acostumámolo facer. Cal é o problema? Moléstalle ao seu alcalde que se faga saber que o voceiro do Partido Socialista en Frades se preocupou por esa obra e que fixo o posible tamén para impulsala? Pois debería de estar contento por ter unha oposición propositiva e que traballe en positivo. É verdade que o Partido Popular non está acostumado a facer cando está na oposición iso, porque vostedes é ao revés. Vostedes o que aplican sempre é canto peor, mellor. En todos os ámbitos. Dá igual que sexa nun concello na oposición, como no Goberno do Estado, ou neste caso nesta Deputación Provincial da Coruña. Polo tanto, home, paréceme pouco serio; se quere comentarmo a min como voceiro do grupo, pois paréceme ben.

E despois, unha vez máis, bendita hemeroteca. Vén vostede outra vez a falar... mire, aquí teño dúas notas de prensa, dúas en concreto, que así rapidiño, eh? “La Xunta anuncia la próxima reapertura del consultorio de Ferrol Vello”. Isto é unha nota de prensa que sae o señor conselleiro co, naquel momento, portavoz da oposición, o señor Rey Varela, que non era alcalde, e facía un anuncio para a cidade. Non estaba o alcalde de Ferrol aí, nin ninguén llo dixo, sóuboo pola prensa. Pero pódolle dar outra, eh?: “La fachada marítima de Ferrol ganará 140 plazas de aparcamiento y una senda peatonal”. Un anuncio que se fai na foto, a señora Martina Aneiros, o señor Diego Calvo, a señora Ethel Vázquez –Dios la tenga en la gloria–, o señor presidente do Porto de Ferrol e o naquel momento portavoz da oposición de Ferrol, o señor Rey Varela. Non estaba o alcalde de Ferrol aí. Polo tanto, unha vez máis, veñen vostedes dar leccións e dicir: “Non todo vale”. Non. Está claro que a vostedes non todo lles vale. A vostedes só lles vale o que fan vostedes. E para dar leccións aquí de respecto institucional está o Partido Popular. É o que nos faltaba, vamos. Eu non lle admito ningunha nese eido, ningunha! E menos neste tema, nunha nota de prensa que se fai constar como o Grupo Socialista do traballo e do interese dun compañeiro do Grupo Socialista, non é unha nota da Deputación. Nós non facemos o que fan vostedes, porque estas notas que lles acabo de ler agora non eran notas do Partido Popular provincial, nin do PPdG, eran notas de consellerías, eran notas de administracións públicas co membrete da Xunta de Galicia e da consellería en cuestión. Non é o caso. Polo tanto, leccións nese aspecto, ningunha do Partido Popular. E moito menos que me diga a min o Partido Popular, como responsable do meu grupo o que podo e o que non podo mandar nunha nota. Atendan vostedes ao seu que bastante teñen que atender.



Sr. Ben Otero

Presidente, bueno en primer lugar, en esas dos notas a las que usted hace mención, en ningún caso dice: “Rey Varela impulsa la apertura de un centro de salud” o “Rey Varela, gracias a Rey Varela, se tirará o se hará una senda”. Si es lo mismo. Pero como esto... quería evitar la lectura, pero la voy a hacer íntegra para que, y despacito, para que lo vaya usted asimilando y que vea lo que usted escribe, o no sé si ha repasado esta nota. Dice lo siguiente: “Frades, 18 de decembro de 2025. O PSOE de Frades logra o compromiso da Deputación –o PSOE de Frades logra o compromiso da Deputación– para iniciar as obras da senda peonil entre Ponte Carreira e Aiazo, coa maior brevidade posible. As expropiacións xa están completadas e o orzamento xa está consignado, faltando só a sondaxe arqueolóxica. Así informaron os membros do Grupo Municipal Socialista en Frades, Enrique Astray e Lucía García, despois de reunirse co portavoz do Goberno da Deputación e secretario xeral do PSdG provincial, Bernardo Fernández, para analizar o estado do proxecto da senda situada na estrada provincial DP-3802. Tras o encontro, Astray explicou que lle trasladou ao portavoz socialista na institución provincial a necesidade de acelerar ao máximo os trámites pendentes e este manifestou que existe o compromiso de comezar as obras tan pronto como se rematen as sondaxes arqueolóxicas preceptivos que están realizando e estes sexan aprobados pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.

O portavoz de PSOE de Frades destacou que o proxecto está nunha fase moi avanzada, polo que só resta este trámite para dar luz verde ao inicio das obras. Unha vez concedida esta autorización, a Deputación contratará e executará o proxecto nunha única anualidade”. Ojo agora: “A senda peonil, cun investimento de 527.175,85 €, contará cun percorrido de 2,5 km entre Ponte Carreira e Aiazo, mellorando de forma decisiva a seguridade viaria nun tramo con alta circulación e sen espazos habilitados para peóns – sinaliza Astray–. E o socialista subliñou que esta actuación é unha reivindicación histórica da veciñanza e unha prioridade para o PSOE de Frades, e agradeceu o compromiso expresado polo portavoz dos socialistas na Deputación para garantir, unha vez superado o trámite, que as obras se leven a cabo sen demora. Pola súa parte, Bernardo Fernández incidíu no compromiso da Deputación coa mellora da seguridade viaria no municipio e recoñeceu o papel impulsor do portavoz socialista local para que esta infraestrutura avance e sexa unha realidade canto antes”.

Esto, señor Fernández, es lo que dice su nota, hablando usted como portavoz del Gobierno socialista en la Diputación. Esta es una obra impulsada por el Concello de Frades en que, en todo caso, evidentemente, su portavoz forma parte de la Corporación, pero esta obra la impulsó, la tramitó, la pidió, la solicitó, las expropiaciones, etc., etc., etc., el Gobierno local de Frades. Hay matices que se pueden decir. Podía decir perfectamente: “El señor Astray viene a pedir que se agilice esta obra, que es importante, está retrasada y tal”, pero no, no, no. Impulsor, oiga, esta es una tomadura de pelo. Pero no es la primera vez, hemos evitado traerlo en otras ocasiones, pero, bueno, a partir de ahora estaremos atentos a sus historias de este tipo.

En todo caso, le voy a decir una cosa: usted cuando me dice “atenda ao seu partido que bastante ten”, no puedo por menos que sonreírme un poquito. Yo le voy a pedir a ustedes que sigan atendiendo al suyo como lo hacen, que dentro de poco serán residuales, y al nuestro déjenlo estar como está, que cada día, como se demostró ayer, estamos donde tenemos que estar y gozamos de la confianza de los votantes de forma reiterada, y espero, confío y deseo que en las próximas elecciones, sean las que sean, le daremos a usted cuenta de cómo trabaja este partido y cómo votan los gallegos. Nada



más y gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Sí, en todo caso, no que atinxe a esta provincia, nós imos para doce anos gobernando esta Deputación, os mesmos que levan vostedes na oposición. En todo caso, polo de agora a realidade é a que é; outra cousa é o seu desexo, que esta mesma perorata que me acaba de soltar faina todos os anos, algún día terá, a ver, algún día vai ser, e como se digo: vai morrer, pois si, algún día morrerá tamén, non? Pero algún día chegarán vostedes a gobernar esta institución?, home, pois si, pero polo de agora non. E moitos concellos desta provincia tampouco. E, polo tanto, outra cousa é o que pase en Estremadura, pero, como comprenderá, aquilo quedame moi lonxe e dedícome ao meu, que bastante teño tamén.

Mire, di vostede, unha vez máis, volve a, primeiro, cuestionar unha nota de prensa. Eu, loxicamente, son voceiro do Grupo Socialista, tamén son voceiro do Goberno, tamén son alcalde de Pontedeume, son secretario provincial e ata son o presidente da miña comunidade de veciños. Non me podo disociar de ningunha desas realidades porque todas elas conflúen na mesma persoa. Pero esta nota está enviada polo Grupo Socialista, onde se fai constar que os socialistas recoñecen o traballo e interese, o impulso dado polos nosos compañeiros na Deputación, porque eu, perdón, no Concello de Frades, porque eu reuníame en moitas ocasións cos nosos compañeiros hai moitos meses precisamente por esa estrada. Que é coincidente a demanda do alcalde cos nosos compañeiros? Pois perfecto, oxalá sempre fora así. O que pretende o seu alcalde é que nós invisibilicemos o traballo da oposición. Iso que o faga el no seu concello. Pero eu, como Grupo Socialista desta Deputación, teño a obriga de poñer en valor e de dar a coñecer o interese que os meus compañeiros neses concellos teñen polas obras que afectan a ese concello e que teñen algunha relación con esta Deputación. Que a vostede non lle gusta? Pois mire, ten dous problemas. A min, cada vez que saque unha nota desas se as trae ao Pleno, a resposta que vai atopar é a mesma.

Pero, mire, como sempre están vostedes para dar exemplos, e díxome que Rey Varela non dicía, voulle ler tamén o corpo da nota de prensa. Perdón, enviada, repito, eh, co membrete da Xunta de Galicia. E dicía o señor Rey Varela: “El diputado autonómico popular José Manuel Rey Varela se reunió con el conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, para trasladarle la problemática del cierre del consultorio de Ferrol Vello. En el encuentro, el conselleiro confirmo la reapertura del consultorio tan pronto como se establezca el protocolo organizativo para garantizar una presencialidad segura en los centros de atención primaria, indican desde el partido. Es un compromiso que adquirí con los vecinos: mediar para conseguir la reapertura del consultorio, ya que los vecinos están por encima de los intereses partidistas, aseguró Rey Varela”. Bienvenido. Que diferenza hai entre isto e o que acaban de dicir vostedes? A diferenza sabe cal é? A utilización da Administración, non do partido. Esa é a diferenza.

Non imos falar, como dixen antes, da cantidade de anuncios que se fixeron en Ferrol, algún deles incluso co presidente da Xunta de Galicia cando falaban do tema do Porto Xacobeo sen avisar o alcalde. Que isto tamén é unha práctica habitual no Partido Popular, ir aos concellos onde gobernan outras formacións e non avisar os alcaldes, a min xa mo fixeron unhas cantas veces, a señora Martina Aneiros. Ou a conselleira de Medio Ambiente, visitando as fragas do Eume e estando nun centro de interpretación que está no meu concello, nuns terreos que pertencen á mancomunidade de montes do meu



concello e non avisarme.

Entón, repito, respecto institucional de vostedes, que carecen total e absolutamente del, ningún, ningún. Non me van dar ningunha lección. E moito menos de como funciona o meu Grupo e da relación que temos nós cos nosos voceiros e, loxicamente, os nosos voceiros traballan e o poñen de manifesto e o poñen. Outra cousa é que ao seu alcalde non lle guste porque queira vender el que a obra é grazas ao seu gran traballo. Paréceme moi ben. É moi lícito, el que faga o que queira. De feito, na nosa nota nin se fala do seu alcalde nin se lle critica. E non me obrigue a traerlle aquí todas as notas que hai de compañeiros seus na oposición con acordos que chegan coa Xunta de Galicia porque seguramente hai unha ristra delas bastante máis grande. Porque na Xunta de Galicia si que sabemos como se reparten os recursos, que non é como aquí.

A ver cando temos a sorte de que algún concelleiro da oposición do Partido Popular, nun partido gobernado polo Partido Socialista, poida anunciar unhas beirarrúas nun concello que non é do PP. Porque iso non o vemos, eh. As beirarrúas, as sendas, etcétera, caen todas dese lado. Os de aquí parece que non debemos de ter a mesma sorte. Así que, home, iso que o conte vostede fóra, onde igual engana algún incauto, paréceme moi ben, pero aquí aos que estamos sentados non nola vai colar, que xa vimos de volta hai moito tempo. Eu levo dez anos de alcalde, dez anos, e non teño ningún investimento en ningunha estrada da Xunta de Galicia, en ningunha beirarrúa, en ningunha senda. Dez anos. Algunha delas nin sendas teñen. Despois teño que ir a concellos como Oza-Cesuras, por poñer un exemplo, e paréceme moi ben, non lle digo que llo quiten, e vemos unha senda que ten tres quilómetros polo medio do monte. E os que temos vivendas ao seu carón con veciños que se xogan a vida nesas estradas da Xunta non temos a sorte. A ver se algún día a Xunta de Galicia ten ese plan estratéxico de estradas que lle reclaman tanto esta Deputación e dan vostedes exemplo, porque sería importantísimo e a min encantaríame velos unha vez máis.

Sr. Ben Otero

No, no voy a seguir el debate. En todo caso, está claro lo que hay. Me gustaría, presidente, que me diga si usted está de acuerdo con el contenido de esta nota, nada más. Y después, si me da permiso para felicitar las fiestas, lo haría, ya en un tono más, para incluso a Bernardo se las voy a felicitar. Pero me gustaría que usted contestara si está de acuerdo con el contenido de esta nota y después, si tengo la posibilidad, me gustaría felicitar en nombre del grupo las fiestas a todo el mundo. Gracias.

Sr. Presidente

Bueno, pois a ver, eu creo que, como ben dicía agora Bernardo, el non pode disociar a súa personalidade de portavoz da Deputación, portavoz do grupo provincial, e sabes, ti perfectamente, e todos e todas os que estamos aquí sabedes perfectamente das liñas vermellas que poñemos para ser respectuosos e correctos coas institucións ás que representamos, non? E sobre todo coas que nos relacionamos, neste caso, o Concello de Frades.

Evidentemente, o labor de Bernardo significa non só representar aquí o grupo nos plenos, senón tamén facer de portavoz do Grupo Socialista naqueles asuntos que sexan de interese provincial. Cando un compañeiro ou compañeira dunha agrupación, dun grupo municipal, se achega ao portavoz provincial, pois onde hai que recoñecer o labor que fai ese grupo municipal para lograr un obxectivo, como neste caso esta obra en



Frades, pois Bernardo, como portavoz do Grupo Provincial Socialista, pois explicita esa ledicia, ese compromiso do grupo municipal con Frades, non? Ata aí está ben. Pero, en calquera caso, a presidencia da Deputación ten que estar por riba diso, porque representamos todos os grupos políticos, non? Polo tanto, eu non seguíño ao detalle esta obra en Frades, concretamente, pero cónstame que esta obra a pelexaron os compañeiros e compañeiras da nosa agrupación. Pero tamén é certo, polo que me transmite a propia deputada, que o alcalde de Frades foi especialmente, pois, intenso, non só intenso, senón respectuoso ademais cos tempos da Deputación e coas dificultades que houbo, incluso modificando o propio proxecto. Por tanto, agradecerlle ao alcalde de Frades o seu labor na consecución deste proxecto. Creo que é perfectamente compatible o labor que fai o noso grupo co labor que, lóxicamente, ten que exercer esta presidencia, non? Porque ao final creo que poñer de exemplo o que fixo o Partido Popular en Ferrol é un moi mal exemplo. É do que nós non nos queremos representar nunca, nunca. Porque estou de acordo co que di Bernardo. Foi un antes e un despois en como se exercía a representación dunha institución. Co obxectivo de chegar á alcaldía de Ferrol fixéronse cousas que non deberían ter acaecido, non? E todos cometemos erros, eh? Todos, todos e todas. Pero en calquera caso, neste caso concreto, e sempre, a Deputación vai ser respectuosa co labor de representación que teñen os alcaldes e alcaldesas. Neste caso, insisto, e agradecerlle ao alcalde de Frades, porque mo transmite a propia deputada, o respecto que tivo cos tempos da propia Deputación. E, por tanto, creo que é perfectamente compatible enxalzar desde o grupo provincial o labor que fan os nosos compañeiros socialistas alí co respecto institucional que hai que terlle a un alcalde que, como digo, tivo un papel tamén fundamental na consecución desta obra.

E agora, se queres, Evaristo.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Respecto al tema de lo de Ferrol, no vamos a entrar en debate, pero bueno, eso...

Yo, de verdad, a todos los compañeros de la Diputación y compañeras, les deseo unas felices fiestas, especialmente a todos los funcionarios y trabajadores de esta casa, que año tras año vienen trabajando con la mayor intensidad. Y bien es cierto lo que dijiste el otro día, presidente, en la Copa de Navidad, que han hecho una labor transformadora de la provincia desde hace muchos años, de una provincia en que apenas había recursos. A día de hoy estamos trabajando ya en otras líneas, otras cuestiones, pero no debemos olvidarnos quizá que lo más importante es dotar de lo básico a aquellos que no lo tienen. Pero, bueno, es un matiz sin más. Yo, de verdad, de todo corazón os deseo felices fiestas. Y como digo siempre, yo creo que es importante en estas fiestas disfrutar de la gente a la que queremos, de la gente que nos quiere, que esto es lo fundamental, y siempre tener en memoria a aquellos que ya no están, porque mientras estén en nuestra memoria formarán parte de nuestra vida. Y yo os deseo a todos de corazón feliz Navidad y feliz año nuevo. Gracias.

Sr. Presidente

Moitas grazas. Gelo. Vas cantar un villancico? Vas cantar un villancico?

Sr. García Seoane

Eu non vou falar de paz, porque a paz é mentira. É unha mentira tan grande, tan



grande, que no mundo os que son demócratas quedan poucos, cada vez menos, non? Presidentes de goberno, corporacións, principalmente a nivel europeo, algúns outros países tamén o teñen. E estase vivindo unha situación que nunca, ata agora, desde a Segunda Guerra Mundial, se levou adiante no mundo. Estamos asistindo a que hai quen decide quen é terrorista e quen é non é terrorista, cando o maior terrorista do mundo é el. Estou falando de Trump, non? Asasino, un elemento ladrón, que rouba os países, que atraca os países. Agora mesmo en Venezuela estalle roubando o petróleo, está ameazándoa. Non foi alí pola droga, nin foi... foi ao que foi, foi a roubarlles o petróleo, como foi a Libia e como foi a moitos outros países, Siria, a Iraq, a moitos países, a roubarlles as materias primas, non?

Por tanto, a min o que me preocupa é que o mundo está nunha ola que vai desprazándose, igual que cando se fai surf, non? pois vai desprazándose sen que ninguén tome medidas contra estes animais que gobernan o mundo. Está a situación de Palestina, está a situación do pobo palestino, que hoxe se anuncian novos asentamentos, 13 novos asentamentos noutra zona que está rexida polos palestinos, non? en Cisjordania, e esta é situación. Ninguén abre a boca, e os que a abren ábren daquela forma moi sibilina, por se acaso llela tapan. Estas persoas, estas persoas... estes demos terroríficos teñen un poder tremendo, porque teñen información sobre todo e sobre todos, con eses aparellos que tedes todos no peto menos eu, non? que vos dominan, vos controlan, saben cando subides, cando baixades, que facedes. Entón teñen os políticos do mundo agarrados polas pelotas, non? E vostede cale que se non lle vai ir mal.

Por tanto, eu o que pido é que nestes días pois que se informe os amigos, as familias, os netos, como dixer, os fillos, pero os netos principalmente, porque son os que van sufrir, lamentablemente, se isto non cambia unha situación terrorífica a curto prazo. Por tanto, non vou falar de paz, volvo dicir, hai que armarse. E non digo armarse comprándolles as armas a Estados Unidos, nin a Rusia, nin ao outro, nin ao outro. Hai que armarse de valor, principalmente para loitar contra esas bandas de asasinos que son os que cualifican agora, os que poñen cualificativo de terrorista a calquera parte, a calquera persoa en calquera parte do mundo. Por tanto, que teñades felices festas coas vosas familias, cos vosos amigos, pero que vos recordedes que o mundo está en un tris de volverse odioso para os nosos netos e fillos. Nada máis.

Sra. Veira González

Si, compartindo o complicado que está o mundo, eu creo que como demócratas temos que seguir militando na esperanza e, desde logo, seguir crendo na paz como unha alternativa para o mundo. E creo que temos que lembrarnos, efectivamente, de todos os que o están a pasar terriblemente mal por un sistema e por unha orde mundial terrorífica. E, desde logo, que quero para todas e para todos é que desfrutedes destas festas con saúde e que veña un ano 2026, pois iso, cheo de esperanza e de mudanzas a mellor como humanidade. Nada máis.

Sr. Presidente

Bueno, pois simplemente para rematar, aludindo ás palabras de Gelo e agora de Avia, eu creo que a esperanza está aquí, neste hemisiciclo. Ao final, hoxe tivemos un Pleno onde o cen por cento dos puntos, a pesar de matices, son votados por unanimidade por todos os grupos políticos. Eu creo que é recuperar a confianza na política. Isto é froito dun entendemento previo e dun ambiente de entendemento que hai nunha casa onde se debate, onde se discute, onde hai posicións ás veces moi polarizadas, onde teño botado



un amigo do Pleno e non pasa nada e segue sendo amigo. É un exemplo de entendemento e de bo facer que ao final o que redunda é nunha mellor sociedade de progreso que avanza e que, loxicamente, beneficia os seus compoñentes, que son os cidadáns. Por tanto, hai esperanza, Gelo, non decaias, armémonos do que hai aquí; exportemos moita Deputación a outras administracións, a outros parlamentos e, en definitiva, pois desexarvos un gran final de ano e que o ano que vén sexa aínda mellor que este.

Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:56 horas.